

as pontes

O peche inminente da térmica de Endesa remata coa paz social. **Páx. 10**

friol

Finalizan as obras de iluminación do campo de fútbol e o mercado. **Páx. 12**

entrevista

Margarita Ledo Andión, alma máter da fundación que leva o seu nome. **Páx. 15**

muras

Malestar entre a veciñanza pola paralización dos acordos no Pleno. **Páx. 22**

deportes

O FSF Castro fai historia e clasifícase para a fase final da Copa da Raíña. **Páx. 28**

O rural vilalbés elabora o programa de obras



A Deputación presenta os orzamentos

Ascenderán a 116 millóns de euros, un 5% máis que os que están en vigor este ano. **Páx. 25**

Gómez Besteiro liderará o PSOE Galego

Foi o único que presentou o mínimo de avais necesarios para ser candidato. **Páx. 26**

Saborea As Pontes



Chega unha nova edición do concurso de tapas con 15 participantes. **Páx. 9**

Feira de Santos



Tras ser aprazada polo temporal, terá lugar o sábado 18 deste mes. **Páx. 21**

Feira do mel



Muras continuará a tradición do Viveiro o próximo 19 de novembro. **Páx. 22**

A Xunta declara catro focos de EHE na comarca

En Xermade, Friol e A Pastoriza apareceu un único bovino infectado pero en Guitiriz foron catro. **Páx. 27**

2x1 en progresivos

Proba os progresivos personalizados. Verás a diferenza

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba.
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.

Nº 15.137-000181 / E-27-400133 - Nº 15.137-000134 / E-15-400134

NOVALUX
óptica & centro auditivo



Darío Villanueva gaña o Premio Otero Pedrayo



O xurado acordou outorgar o Premio Otero Pedrayo 2023 ao académico e crítico literario Francisco Darío Villanueva Prieto. O fallo comunicouse tras unha reunión mantida no Pazo de San Marcos na que se valoraron e votaron as distintas candidaturas presentadas.

Ademais da candidatura premiada, presentada pola Xunta de Galicia, presentáronse a do grupo musical Fuxan Os Ventos, por parte da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, e a do filólogo e estudioso da tradición oral Domingo Blanco, por parte da Asociación Oral de Galicia.

Tras a deliberación do xurado, composto por representantes da Xunta de Galicia, das catro deputacións provinciais, das tres universidades, da Real Academia Galega, do Instituto Padre Sarmiento e da Fundación Otero Pedrayo e presidido polo secretario xeral de Cultura Anxo Lorenzo, procedeuse á votación das candidaturas.

Darío Villanueva foi elixido na segunda ronda de votacións, grazas ao voto de calidade da presidencia do xurado, tras un empate a votos entre a súa candidatura e a de Fuxan Os Ventos.

O GALARDONADO. Nado en Vilalba en 1950, Darío Villanueva Prieto é catedrático de Teoría da Literatura e de Literatura Comparada da Universidade de Santiago de Compostela, institución da que foi reitor entre 1994 e 2002. No 2007 ingresou na Real Academia Española, que dirixiu de 2014 a 2018. É autor de numerosos ensaios sobre escritores como Valle Inclán, Azorín, Torrente Ballester, Camilo J. Cela ou Emilia Pardo Bazán; e publicou, como autor único ou colaborador, medio centenar de libros sobre crítica e teoría da literatura. As súas últimas publicacións son *De los trabajos y los días: filologías* (2020), *Morderse la lengua. Corrección política y posverdad* (2021) e *Poderes de la palabra* (2023).

Renda reuniuse con veciños das parroquias para proxectar as obras

O tenente de alcalde e responsable de Infraestruturas Rurais no Concello de Vilalba, Modesto Renda, está a realizar reunións en todas as parroquias do Concello para escoitar á veciñanza sobre as necesidades do seu lugar e anunciar as próximas intervencións previstas.

ROMÁN. Modesto Renda anunciou en Román a mellora dos accesos á Abelaira e fixou de común acordo cos veciños/as presentes a mellora da vía da Bardela como seguinte prioridade.

Na concorrida xuntanza, tomouse boa nota das demandas da parroquia e o tenente de alcalde aproveitou para explicar as posibilidades de colaboración con vistas a dar cumprida resposta á reivindicada obra de pavimentación do aparcadoiro da Igrexa.

Renda, que agradeceu a grande afluencia de xente á reunión, lembrou a necesidade de investimentos que teñen as parroquias, pois, a mellora da rede viaria “é unha cuestión central para os veciños e veciñas.”

CORVELLE. Anunciou en Corvelle a mellora e renovación da vía de acceso ao núcleo de Pedras, así como a da vía que vai da Igrexa da parroquia á veciña Samarugo.

Dúas novas actuacións que o Concello levará a cabo na presente anualidade e que Renda quixo poñer en coñecemento dos veciños e veciñas pola vía dunha concorrida xuntanza, que lle permitiu escoitar as demandas dos presentes e fixar de común acordo coa veciñanza as



diferentes obras para o 2024.

“Queremos gobernar escoitando e, entre outras, concretamos como seguinte prioridade mellorar o acceso ao barrio da Abelaira”, explicou.

Renda, que agradeceu a grande afluencia de xente á reunión, lembrou a necesidade de investimentos que teñen as parroquias, pois, a mellora da rede viaria é unha cuestión central para os seus veciños e veciñas.

OLEIROS. O tenente alcalde de Vilalba Modesto Renda anunciou en Oleiros a mellora da vía que une O

Carboeiro e Vilariz e explicou tamén a obra de renovación e mellora do que une os barrios de Liñares, Gardamil e Cabanas que comezará en poucos días.

Nesta xuntanza, fixouse de común acordo cos veciños/as a mellora da vía que une a parroquia con Cospito como seguinte prioridade e tomouse nota das diferentes demandas dos presentes.

É por isto que o tenente alcalde volveu á parroquia para contrastar cos veciños e veciñas o estado de diferentes camiños e vías de titularidade municipal.

O NOSO
**BLACK
FRIDAY**


DURA ATA O
VERÁN

 **1.000 Mb**  **20 GB**

10€/mes 51€/MES
Durante 7 meses



E se contratas ADAMO TV, todos os partidos de 2ª División de fútbol GRATIS (Ata o 15 de decembro)

Chama gratis ao **900 651 679** ou configura o teu paquete personalizado en www.adamo.es

adamo
Fibra · Móbil · Fixo · TV

Oferta válida para novos clientes que non contrataran ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 01/11/2023 e o 30/11/2023, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a internet Fibra 1.000 MB+ Móbil 20 GB durante os 7 primeiros meses a 10€/mes e, posteriormente, a 41€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Non inclúe cota de activación por importe de 12,10€ (IVE incluído), máis a instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 12 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163,35€ (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Línas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

O Concello presenta o proxecto para reconstruír a ponte de Ribeira

O tenente de alcalde e responsable de infraestruturas rurais Modesto Renda explicou en Samarugo o proxecto de reconstrución da Ponte da Ribeira que o Concello de Vilalba remitirá á Confederación Hidrográfica Miño Sil, así como á Dirección Xeral de Patrimonio para poder dar inicio ás obras.

Un traballo de meses de planificación que, cando as circunstancias climatolóxicas o permitan, dará solución permanente á actual situación de risco.

“Desde o día 1 da lexislatura tivemos claro que a obra era prioritaria e actuamos en consecuencia axilizando os trámites todo canto nolo permitiron os tempos da Administración”,



explicou Renda.

O Concello deberá agora agardar polas dúas autorizacións sectoriais (a de patrimonio é precisa pola presenza dun cruceiro nunha marxe) e é

por isto que a Área de Infraestruturas, en colaboración coa Área de Servizos, tomará medidas preventivas e reforzará a sinalización ata que se poida actuar.

O parque de bombeiros terá unha nova escaleira

O Parque de Bombeiros de Vilalba contará cunha nova auto-escaleira xiratoria para ser máis eficientes nos labores de rescate e de combate do lume nos incendios. Así se acordou nun Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento. Unha sesión que se desenvolveu por vía telemática e que presidiu o presidente do Consorcio e tamén da Deputación de Lugo, José Tomé Roca.

Acordouse sacar a licitación o subministro deste novo equipamento por 930.000 euros, que se incorporará para mellorar o equipo co que conta o parque chairego. Esta esca-

leira ten co último tramo articulado 30 metros de altura, o que equivale a uns 10 pisos dun edificio, o que facilita ter un acceso rápido a lugares elevados en situacións de emerxencia, como incendios en inmobles altos. Ademais, fai posible que os efectivos traballen dunha maneira máis segura ao tempo que se salvagarda a seguridade das persoas afectadas neste tipo de emerxencias.

O Consorcio Provincial está formado pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia ao 50%, e inclúe os parques de Monforte, Barreiros, Chantada, Vilalba, Sarria e Viveiro.

Aprobada a ampliación do comedor da EEI

A Xunta de Galicia incrementará nun 20% a achega ao Concello de Vilalba para cofinanciar o servizo de comedor escolar da Escola de Educación Infantil (EEI) deste municipio. O Goberno galego deu luz verde na súa reunión semanal á addenda do convenio asinado para este fin, cuxo orzamento total se eleva agora a 26.237,2 euros.

Beneficianse do servizo 67 alumnos, case un 50% máis dos autorizados inicialmente, en concreto 22 máis. Esta addenda inclúe, ao igual que o resto dos acordos renovados este ano con entidades municipais para este fin, a suba dun 10% a achega para facer fronte á inflación, na liña do incremento realizado tamén nos comedores xestiona-

dos pola Consellería.

O Goberno galego destina máis de 1,3M€ para cofinanciar este servizo en 50 centros con 4.707 usuarios. En concreto colabóranse con 15 concellos, os de Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Manzaneda, Meaño, Mugardos, Muíños, Oroso, Sada, Santiago de Compostela.

Pola súa banda, os concellos comprométese á elaboración dos menús escolares, á repartición e recollida destes, así como ao coidado e á asistencia do alumnado durante as comidas, sempre con menús equilibrados. Ademais, programaranse actividades de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

Arranca a concienciación para a recollida de excrementos dos cans

O Concello de Vilalba presentou a nova Ordenanza Xeral de Protección do Medio Ambiente Urbano, que inclúe normas que afectan á recollida dos excrementos dos animais.

As clínicas veterinarias serán as encargadas de repartir entre os seus clientes as 500 botellas con produto desinfectante-desodorizante que mercou o Concello. Ademais, repartiranse carteis entre os establecementos comerciais e dípticos entre a veciñanza de Vilalba para informar das sancións.

O texto lembra que “a persoa que leva o animal está obrigada a recoller e retirar os excrementos e á limpeza da parte da vía pública afectada, polo que deberá levar obrigatoriamente unhas bolsas para a recollida e limpeza das feces e unha botella



con produto desinfectante-desodorizante para minimizar os efectos das miccións dos cans”.

Non recoller os excrementos suporá unha sanción de 250 euros, e haberá tamén sancións de 150 euros se non se mostran, a requerimento da Policía Local, as bolsas para a recollida ou a botella desinfectante para mini-

mizar o efecto das miccións.

A ordenanza prohibe tamén alimentar a animais vagabundos ou extraviados sen contar con autorización municipal (500 euros) ou exhibir animais de compañía destinados á venda en escaparates ou a modo de reclamo comercial, tamén con sancións de 500 euros.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica TEST dental

Parking gratuito

Andrea Barreira Freije gaña o VII Premio Agustín Fernández Paz

O xurado do VII Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade, convocado polo Ilescha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia acordou, por unanimidade, outorgar o VII Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade á obra titulada *Quen precisa unha avoa?*, presentada baixo o lema ou pseudónimo de #eunonteñoavoas, de Andrea Barreira Freije. O xurado estivo formado por Manuel Bragado Rodríguez, Beatriz Maceda Abeleira e Pablo Nogueira Campo.

O xurado valora na novela “o novidoso enfoque sobre o idealismo, a toma de consciencia sobre as necesidades das avoas por parte das

crianzas, así como a importancia da observación e os coidados nas residencias de maiores. A conciliación familiar, o tecido da rede de afectos e a sororidade entre todos os personaxes son outros temas desta novela na que a autora a través do humor transmite dun xeito maxistral a complicidade entre diferentes xeracións”. Andrea Barreira Freije (Fonsagrada, 1986), é unha escritora galega. Graduada en xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela, mestrado en Comunicación Científica, Tecnolóxica e Medio-ambiental pola Universidade Carlos III de Madrid e outro en Estudos Internacionais pola Universidade de Santiago de Compostela.

O Ilescha outorga o día 11 a mención de honra a Darío Rivas Cando

O Instituto de Estudos Chairegos (Ilescha), organiza o acto de entrega da placa coa mención de honra do Ilescha a título póstumo a Darío Rivas Cando, acordada por unanimidade na Asemblea Xeral Ordinaria do presente ano, entre outras razóns, “por activar as xestións en memoria democrática con relación a seu pai Severino Rivas, fusilado no 36, resultando ser o primeiro querelante do Estado na causa contra os crimes franquistas na Arxentina”

O acto, presentado por Sabela Figueira, vicepresidenta do Ilescha, terá lugar na Casa da Cultura de

Vilalba o sábado 11 de novembro, ás 19.00 e contará coa presenza de María Jesús Rivas, sobriña de Darío Rivas; Carmen García Rodeja, voceira da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica, e Baldomero Iglesias Dobarrío, Mero, amigo. Darío Rivas Cando, nado en Loentia (Castro de Rei) en 1920 e finado en Bos Aires o 15 de abril de 2019, foi o primeiro querelante español da causa que investiga na Arxentina os crimes de lesa humanidade, xenocidio e desaparición forzada cometidos durante a guerra civil e a ditadura de Francisco Franco.

A AXENDA DO MES DE NOVEMBRO




LANZÓS. A parroquia de Lanzos organiza as súas festas na honra a San Martiño o 11 e 12 de novembro. O programa abre o sábado ás 13.00 horas con misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Escaparate. Pola noite, a verbena estará a cargo das orquestras Escaparate e Los Satélites. O domingo a festa comezará ás 13.00 horas con misa, procesión e vermú a cargo do dúo Dilema. O campo estará cuberto co carpa.

SANCOVADDE. A asociación de veciños Santiago de Sancovade organiza unhas xornadas de poda e xardinaría. Estes traballos terán lugar o 18 e 25 de novembro e o 2 de decembro. A proposta desenvolverase de 10.00 a 13.00 horas e de 15.00 a 17.00 horas na Casa Escola Frouxeira. Ademais teñen unha cita o sábado 11 coa micoloxía. Será unha sesión de 10.00 a 13.00 horas e de 16.00 a 18.00 horas. A través desta actividade os participantes poderán achegarse ao mundo dos fungos e dos cogomelos.

BELESAR. A localidade de Belesar celebra as súas festas na honra a San Martiño do 10 ao 12 de novembro. A programación comeza o venres 10 ás 20.30 horas con pin-

chos gratis para todos os asistentes e verbena da man do dúo Venus. O sábado terá lugar a misa solemne, procesión e sesión vermú coa orquestra Fuego a partir das 13.30 horas. Pola noite a verbena estará a cargo da orquestra Fuego e o dúo Eclipse. O domingo 12 a partir das 13.30 horas haberá misa solemne, procesión e sesión vermú co dúo eclipse no campo cuberto con carpa, no que terá lugar a fin da festa.

MUSICAL. O 11 de novembro chega a Vilalba o musical *Coco*, o primeiro e o orixinal tributo á película do mesmo nome. O espectáculo está a cargo da Compañía CTME (Compañía de Teatro Musical de España) e ten unha duración de 75 minutos e está recomendada para todos os públicos. Comezará ás 17.00 horas no auditorio. A historia fálanos de Miguel, un neno de Santa Cecilia que sempre adorou a música. A pesar das estritas normas que impón a súa familia na que “Nada de música” é a única regra, Miguel está decidido a demostrarlles o seu talento e a dedicarse a iso. Ao facelo, viaxa sen querer ao mundo dos mortos no mesmo día da súa celebración, descubrindo ao seu paso moito



máis do que se podería imaxinar.

DOCUMENTAL. O Instituto de Estudos Chairegos, coa colaboración do Concello de Vilalba e a Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo, organiza o venres 10 de novembro, a proxección do documental *Xove, Democracia Nuclear*, de Pedro Lechuga. Esta iniciativa, que terá lugar a partir das 20.00 horas no auditorio municipal de Vilalba, recolle a loita das veciñas e veciños da comarca da Mariña contra a central nuclear de Xove na década dos anos 70.

CULTURA URBANA. O concello de Vilalba acollerá o domingo 12 uns obradoiros de cultura *on tour* para nenos, nenas, mozos e mozas de 8 a 16 anos. A xornada terá lugar no pavillón do CEIP Mato Vizoso, en horario de 17.00 a 19.00 horas e o espazo está aberto a todas as familias, con prioridade de acceso a nenos e nenas de familias monoparentais, familias con mulleres vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de risco de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados.



Milwaukee



**RYS
SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

“Ofrecemos un servizo completo de xestión e administración de fincas”

María del Carmen Gayoso, xerente de Gestoría Gayoso, que conta con oficina en Vilalba e As Pontes

Cando comeza a funcionar a Gestoría Gayoso?

A xestión comeza a funcionar no ano 2002 en Vilalba, en principio como sociedade civil, que se separou no ano 2015, e a partir dese momento comecei eu soa. En xaneiro fará cinco anos que abrimos oficina nas Pontes porque xa tiñamos algún cliente desta localidade e decidimos abrir unha oficina pequena para poder dar un servizo próximo e así probar como podía funcionar. A verdade é que a xente respondeu moi ben ata o punto de que a oficina se nos fixo pequena e tivemos que cambiar de local, no que nos acabamos de instalar, en avenida de Galicia, 66, e en Vilalba estamos en rúa Benxamín Paz, 25, nun baixo.

Que servizos ofrecen?

Ofrecemos servizo de xestión e de administración de fincas e encargámonos da administración de comunidades de propietarios. Dispoñemos dunha aplicación no móbil, un despacho 24 horas, onde se nos pode comunicar calquera incidencia e na que nós publicamos todo tipo de información da comunidade, que permite que todos os propietarios se manteñan informados puntualmente dende o móbil. No que se refire á xestión, levamos todo tipo de trámites, tanto a particulares como a empresas. Xestións de vehículos, licenzas e autorización municipais, autonómicas ou estatais, impostos de sucesións e outros trámites xerais. Tamén facemos asesoramento a empresas e autónomos tanto a nivel contable, como laboral e fiscal.

Cal é o servizo ou servizos máis

demandados?

Os servizos máis demandados son o asesoramento, fiscal no caso de particulares e de empresas, seguido do asesoramento contable e consultas en relación á Lei de Propiedade Horizontal nas Comunidades de propietarios.

Canta xente forma parte da empresa?

Na actualidade estamos traballando seis persoas. É unha das ferramentas máis importantes da empresa e nese sentido teño moita sorte de contar cun persoal moi entregado á empresa e moi profesional.

Cal é o principal trazo que caracteriza a Gestoría Gayoso?

Dende a nosa xestión buscamos estar sempre moi actualizados no referente aos programas que utilizamos. A nivel empresa contamos cun dos mellores programas que hai actualmente no mercado; e a nivel comunidades a dixitalización a través da aplicación fai máis doada a relación dos propietarios que están fóra ao poder asistir a unha reunión on line. Estar sempre á última é unha das cousas ás que lle estou dando prioridade sen esquecermos de que segue a haber moita xente que non ten o mundo dixital tan accesible, polo que continuamos a enviar e dar acceso a toda a información tamén a través de papel.

É fácil manter dúas oficinas abertas á vez?

Temos as dúas oficinas comunicadas en todo momento de maneira que contactando tanto con unha como con outra vaise obter unha solución. Intentamos dar o servizo coa maior brevidade po-



“Buscamos estar sempre á última, estar moi actualizados no referente aos programas e tecnoloxías que utilizamos”

sible, atender aos nosos clientes para que todos os seus problemas podan estar solucionados de maneira rápida e eficaz. Para nós é moi importante ofrecer un servizo personalizado, saber que calquera persoa pode acudir á nosa empresa e será atendida de forma individual e personalizada intentando solucionar o seu trámite o mellor e máis rápido posible.

Póñense á venda seis parcelas municipais no polígono Sete Pontes

O responsable de Desenvolvemento Industrial e tenente de alcalde de Vilalba, Modesto Renda, anunciou a saída á venda das 6 parcelas de titularidade municipal, correspondentes ao plan de ampliación de Entrepinares. “Queremos dar todas as facilidades e máis ás empresas para que se instalen en Vilalba, e é por isto que reducimos trámites burocráticos ó tempo que nos blindamos fronte a calquera tentativa de especulación”, explicou.

A principal diferenza en relación co anterior proceso de poxa radica na eliminación da garantía provisional. No anterior concurso, os interesados, para poder formar parte da poxa, debían acreditar a constitución dunha garantía por valor do 5% do importe do prezo inicial (excluído o IVE) e no caso de concorrer á poxa por máis dunha parcela, estes debían constituír a correspondente por cada unha delas.

As parcelas suman en conxunto 5.600 metros cadrados e a fórmula elixida para a venda volverá ser a poxa. “A máis grande é de 1.052 metros cadrados de superficie edificable e as dúas máis pequenas de 860,80” explicou o tenente de alcalde, quen lembrou que as ofertas deberán presentarse dentro do “prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Vilalba”.

Así, engadiu, “o prezo mínimo de partida é de 48,80€ o metro cadrado máis IVE” pois, os prezos que se establecen teñen o carácter de mínimos, de modo que non se adjudicará ningunha parcela por un prezo inferior, e encóntranse estipulados conforme a taxación que obra no expediente, efectuada a mesma conforme as determinacións da lei.

Nuestros clientes ya están viendo sus resultados

Tratamientos capilares en Lugo, sin injertos ni dolor

En nuestro centro Bajo Cero Lugo nos dedicamos al cuidado capilar con un innovador tratamiento, “la crioterapia”.

Esta técnica no invasiva e indolora, activa y estimula las células madre ayudando a la construcción, regeneración y reparación de nuevo tejido de forma natural.

El tratamiento consta de diferentes fases que ayudan a estimular el cuero cabelludo con un ingrediente muy especial “El Frio”.

La crioterapia capilar nutre, hidrata, purifica y revitaliza el cabello

Combate la caída del cabello, la dermatitis, la caspa y la seborrea

Pide tu diagnóstico con higienización incluida **GRATIS!**

669 692 734 Avda. de la Coruña, 150 bajo. 27003 Lugo

Marta Rouco considera os orzamentos da Xunta “un castigo para Vilalba”

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, considera “un castigo para os nosos veciños e veciñas os orzamentos da Xunta”, xa que por quinto ano consecutivo “non inclúen nin un só euro para o noso concello”. “É un desprezo e unha forma de entender a política completamente partidista, pero así non castigan a un goberno local progresista, castigan aos veciños e as veciñas de Vilalba”, engade Rouco.

A alcaldesa lembra os encontros mantidos nos últimos anos “sen éxito” con representantes da Xunta para desbloquear “temas tan importantes como o centro de día de Vilalba, a ampliación das infraes-

truturas de captación e abastecemento de auga, ou a conservación da estrada que une Lugo co municipio”.

Rouco pregúntase “onde quedan aquelas palabras do entón presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, que nunha visita a Vilalba no ano 2020 manifestou que o noso concello era unha prioridade máxima para o goberno galego”.

“E mentres pasa isto, o Concello asume cada vez máis competencias impropias, asumindo gastos que lle corresponden á Xunta no Servizo de Axuda no Fogar ou na xestión do comedor da escola infantil municipal”, remata a alcaldesa.

O Pleno aproba a obra da cuberta do pavillón

O Concello de Vilalba aprobou nun pleno extraordinario as obras para a reparación da cuberta do pavillón municipal. Terán un orzamento de 75.000 euros.

“Uns traballos importantes, que servirán para poñer fin aos problemas que temos no inverno coas filtracións de humidade, provocando nos días de máis choivas goteiras nunha instalación moi utilizada polos clubs deportivos de Vilalba”, explica a alcaldesa, Marta Rouco.

As obras consistirán na substitución da cuberta existente por unha nova cunhas condicións de illamento axeitadas. Renovaranse tamén as cubertas dos vestiarios



das instalacións, mellorando a súa eficiencia enerxética.

O Concello instalará tamén unhas novas canastras de minibasket, valoradas en 4.182,49 euros.

O Concello entregou composteiros a centros escolares da localidade

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco; a concelleira de Educación e Mocidade, Paula Vigo, e o concelleiro Ignacio Criado fixeron entrega duns composteiros aos colexios CEIP Insua Bermúdez, CEIP Mato Vizoso, e á Escola de Educación Infantil na primeira xornada dunha actividade que se estendeu ao resto dos centros educativos.

Trátase dunha acción en colaboración con Ambigal 360. “Queremos consolidar a práctica da compostaxe entre a cidadanía, facendo especial fincapé na mocidade, familiarizando aos nenos e nenas co uso e os beneficios dos composteiros e dunha correcta reciclaxe en orixe”, asegura Paula Vigo.



Marta Rouco destacou “a boa acollida” que teñen os composteiros nos centros educativos, que “rapidamente comezan a ser utilizados por parte do alumnado para a xeración

de compost”.

A materia orgánica supón entre o 40 e o 50% do peso total da bolsa do lixo e o uso de composteiros reduce ademais as emisións de CO2.

O PP acusa desidia na mellora das instalacións deportivas municipais

O Grupo Municipal do PP de Vilalba contrapón “a falta de previsión e desidia do bipartito local coa implicación da Xunta na mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal”.

Así, destacan que “do total dos máis de 74.000 euros, a Xunta aporte 50.000 euros a través dunha subvención ao Concello para a mellora de instalacións deportivas da man dunha segunda convocatoria neste ano”. Os populares inciden na “implicación da Xunta” mentres que condenan “as escusas do goberno por non ter pedido a axuda da Xunta na primeira convocatoria, no mes de marzo”.

A portavoz, Sandra López, alégrese de que “servise para poñerse as pilas a crítica que fixemos no seu día, en xullo deste ano, sobre a perda da



oportunidade que supuxo que o goberno local non solicitara esta axuda na convocatoria do mes de marzo a pesar de ser coñecedores de que o inverno pasado xa chovía no pavillón municipal”.

López defende “unha xestión dende a previsión e a programación: non se pode xestionar dende a improvisación”, matiza.

Os problemas cos pavillóns de deportes esténdense tamén ao do CEIP Insua Bermúdez que, tal e como explican os veciños, ten goteiras. Os populares sinalan que “o mantemento lle corresponde ao Concello; pero o goberno local non o está a facer”. É máis, “as instalacións deportivas están feitas un desastre porque as deixan abandonar de todo”.

Ademais, coa chegada das chuvias tamén están a apreciar deficiencias nas obras da rúa da Pravia: “por non ter capacidade de drenaxe suficiente inundáronse locais, sotos e vivendas, ademais de volverse intransitable as beirarrúas”.

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatolóxico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com



construfer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES

SABOREA AS PONTES

do 2 ao 5 e do 9 ao 12 de NOVEMBRO de 2023

XOVES DE 19:30 A 23:00

VENRES, SÁBADO E DOMINGO DE 12:00 A 15:00 / 19:30 A 23:00



XII CONCURSO DE TAPAS

TAPA 2,50€



BAR JARDÍN

Avda. Ortigueira, 34

DE TODA A VIDA

Boliña de tixola cuberta de crianza de cortello con queixo da zona e unhas doces pingas que a fan exquisita



MAMA CAKES

Avda. Coruña, 18 Bº

DULCE ENCANTO

Deliciosa crème brûlée con pistacho (Apto para celíacos)



MESÓN A LAREIRA

Avda. de Galicia, 32

COUSIÑAS DO PORCO

Carrilleiras de porco ao meu estilo (Apto para celíacos)



MESÓN DE PEPE

Avda. de Ferrol, 3

O MAIKELIÑO

Un meigallo cheo de sabor



DELAPICCOLA AS PONTES

Avda. de Ferrol, 15

O PINCHO DE FIDEL

É unha interpretación dun clásico dos bares, pan con chorizo e queixo. Na nosa versión o pan é un brioche recheo dunha crema de chorizo meloso e acompañado por unha salsa de queixo cheddar. O nome vén dado por unha chousadeira ao noso Fidel, que sempre di que a mellor tapa é un ferm de pan con chorizo e queixo



CAFETERÍA-CERVECERÍA VENUS

Avda. de Ferrol, 13 Bº

MIÑA TERRA GALEGA

Unha modesta fusión de sabores da nosa terra, sendo protagonistas a sardíña afumada, o queixo e o pan. Todos eles produtos 100% galegos.



HOTEL PONTES DO EUME

Rúa Rita Rivera Chao, 10

BOMBA

Patata rechea



O COLADOR

Avda. da Coruña, 37

IMAXINACIÓN

A vida é a túa creación. (Para celíacos prézase avisar antes)



MEDULIO

Rúa Rosalía de Castro, 11

O MANUELIÑO

Arroz meloso con produtos da nosa terra



SEGUNDA CUEVA

Rúa Alexandre Bóveda, 21

PUMBA

Un brioche recheo de diferentes sabores, texturas e cor



A TABERNA DE PANCHO

Avda. de Galicia, 15-17 Bº

YUCATECA

Aíma de "cochinita pibil" que te levará nunha viaxe gastronómica pola Península de Yucatán



BAR CHAPLIN

Avda. de Vilalba, 20 Bº

BACALLAU Á CHAPLIN

Bacallau gratinado no forno cunha salsa única



A CASETA DO PARQUE

Parque Municipal, s/n

VERDE QUE TE QUERO VERDE

Arroz verde con crocante de xamón, chipirón e aliooli de cítrico



VINOTECA RESTAURANTE HUME

Avda. de Galicia, 40 Bº

MEXILLÓNES ESPECIALADOS CON HUMUS

MARINO DE PLANCTON

Mexillóns elaborados en manteiga especiada e servidos sobre un humus de plancton marino e pan pontés



CAFÉ-BAR TRASTOY 3

Avda. de Ortigueira, 39 Bº

PORKROCK

Brioche recheo de "cochinita pibil" con esencia de Rock & Roll



COHEMPO

O PSOE denuncia que os orzamentos da Xunta “esquecen á localidade”

O PSOE das Pontes denuncia que os orzamentos da Xunta de Galicia esquecense da localidade e que son unhas contas cun claro carácter preelectoral.

A agrupación local do PSOE nas Pontes remarca que o orzamento presentado polo goberno autonómico non contempla ningún investimento para a localidade nin para ningún dos temas esenciais para o municipio.

Así, desde o grupo local apuntan que “levamos anos insistindo na urxencia de desenvolver solo industrial no noso municipio, trátase dunha demanda que, ano tras ano, incluímos nas alegacións ás contas da Xunta de Galicia e nunca foi tida en conta. Agora, en plena transición, non só enerxética senón tamén industrial, atopámonos coa mesma situación, cero interese do goberno autonómico polas Pontes e polo seu futuro.”

Nese sentido, o PSOE das Pontes apunta que “os únicos investimentos que recibe o noso municipio proceden da Deputación da Coruña e durante os últimos catro anos,

con Pedro Sánchez como presidente de España, do goberno do Estado; da Xunta o único que estamos a recibir é indiferenza e oídos xordos a todas as nosas demandas”.

INDUSTRIA. “O Goberno autonómico ten as competencias en materia industrial, son chave no desenvolvemento industrial e económico do noso municipio e, unha vez máis, a Xunta de Galicia, dilatando a tramitación administrativa dos grandes proxectos industriais das Pontes, que suporán un investimento de 1.127 millóns de euros e a xeración de preto de 1000 postos de traballo directos, amósanos o seu desleixo e falta de compromiso coas Pontes; só se acordan de nós en época electoral” engaden os socialistas das Pontes.

Segundo os socialistas das Pontes “A Xunta de Galicia non ten orzamento para As Pontes e non o vai ter porque o PP de Galicia pon os seus intereses políticos por diante dos intereses dos ponteses e as pontesas”.

RECOÑECIMENTO

A Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro-CoGaVe, presidida polo lucense Fernando Rois Rois, fixo entrega dos seus X Premios Crer no Movemento Veciñal. Pola Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área metropolitana foron premiados Valentín González Formoso, presidente da Deputación provincial, que escolleu o tema *Non surrender*, de Bruce Springsteen, como significativa para el.



Programadas as obras nas rúas Sol e Real, e en varias vías do rural

O Concello das Pontes aprobou a mellora da pavimentación e servizos na rúa Sol, un proxecto cun orzamento de 222.449,80 €, con cargo á Deputación da Coruña.

Un proxecto que ten como obxectivo crear unha plataforma única totalmente accesible con calzada e beirarrúas á mesma cota, definindo un só sentido de circulación con espazo para aparcamento na marxe dereita en sentido da marcha, así, as zonas de circulación diferéncianse mediante o emprego de distintos pavimentos, seleccionándose as baldosas de formigón prefabricado para as bandas laterais destinadas ao tránsito de peóns e as lastras de formigón na calzada central destinadas ao tráfico rodado de vehículos. No relativo aos servizos, á rede de saneamento executarase segundo un modelo de tipo separativo pluviais – residuais, instalando unha novas redes dispoñendo todos os predios de acometidas á nova rede, coa súa correspondente arqueta. Igualmente instalarase unha nova rede de alumeadado con tendido soterrado e farois con luminarias LED, incluíndo a substitución da canalización existente e a disposición de farois en columna de 5 metros de altura.

Equiparase o ámbito con mobiliario urbano mediante a colocación de bancos e papeleiras. As escavas existentes arredor das árbores das beirarrúas encheranse con pavimento drenante realizado con resinas e áridos. As obras rematarán coa instalación da sinalización viaria determinada polas normas de seguridade vial, dispoñendo a sinalización vertical e horizontal en accesos así como pasos de peóns.

RÚA REAL. Investirá tamén preto de 86.000 euros, procedentes da Deputación da Coruña, no proxecto básico e de execución de renovación da rúa Real.

Esta actuación permitirá a reforma



do firme así como a mellora da iluminación co fin de manter, conservar, mellorar e poñer en valor unha vía pública de gran valor histórico, optando pola mesma solución estrutural e estética desenvolvida na primeira fase e noutras zonas da vila.

Así, procederase á renovación do pavimento e a súa base de asentamento, manténdose a configuración existente en canto a cotas, rasantes, rexistros, desaugadoiros, accesos, chanzos e instalacións. No que respecta á iluminación, instalaranse balizas que complementarán a iluminación existente dando continuidade aos instalados na rúa anexa.

VÍAS DO RURAL. O Concello das Pontes investirá 113.730 euros, con cargo á Deputación da Coruña, as obras de mellora de dous viais localizados na parroquia de San Xoán do Freixo co obxectivo de dotalos dun-

ha maior calidade, tanto estrutural como superficial, para garantir, deste xeito, a seguridade do tráfico e das persoas viandantes.

A través destas actuacións, o Goberno local continúa co seu proxecto para mellorar as infraestruturas do ámbito rural, favorecer a calidade de vida da veciñanza, que sumadas ás actuacións xa levadas a cabo e as previstas acometer nos próximos meses, permitirán avanzar cara un municipio máis accesible, cómodo e seguro.

Tamén ten previsto acometer a renovación da capa de rodadura dos camiños rurais do Rego, O Couce e O Castro. As obras, cun orzamento de 36.130 euros, inclúen a limpeza xeral e o reperfilado das cunetas así como o rebacheo das zonas necesarias coa aportación de grava e tratamento asfáltico semiprofundo, para seguidamente proceder a un rego de imprimación.

denais

bebés & mamás

Rúa Plácido Peña, 3, baixo
Vilalba (Lugo)
671 663 343

GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS
INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

Regresa o programa de envelhecimento activo



O Concello das Pontes iniciou unha nova edición do programa de envelhecimento activo. O programa, que se desenvolverá nas asociacións veciñais da Magdalena, San Pedro de Eume, Paraño, Saa, Goente, Marrañón e Vincallo ten como obxectivo mellorar a calidade de vida da veciñanza máis maior do municipio, a través da realización de diversas actividades, permitindo que as persoas maiores da vila sigan sans e activas, evitando o seu deterioro físico e cognitivo así como o illamento ou a exclusión social.

As actividades desenvolveranse ata marzo de 2024, un día á semana en cada asociación, durante unha hora

e media e nelas participarán un total de 70 persoas maiores de 60 anos. Entre as actividades que se levarán cabo destacan as actividades físicas dirixidas a mellorar a motricidade, o mantemento da autonomía e a prevención de caídas. Por outra banda as actividades de estimulación cognitiva están orientadas a manter as capacidades cognitivas a medio e longo prazo atrasando o deterioro cognitivo e lévanse a cabo tanto de forma individual como grupal, sempre adaptadas ás capacidades e intereses dos diferentes grupos, destacando os exercicios de memoria, atención, asociación, cálculo ou linguaxe.



HONDURAS. O A Concelleira de Igualdade, Tania Pardo mantivo unha reunión de traballo con catro representantes da organización hondureña Sur en Acción, no marco dun proxecto de Cooperación Internacional co que o Concello está a colaborar a través do Centro de Información a Muller.

Arranca a nova edición do Saborea As Pontes



As Pontes completa una nova quenda do concurso de tapas Saborea As Pontes, organizado polo Concello, a través da Concellería de Promoción Económica.

Esta cita gastronómica, na que participan 15 establecementos hosteleros das Pontes, busca dinamizar e impulsar un sector de grande importancia na economía da vila ao tempo que ofrece a posibilidade de coñecer o seu bo facer e creacións culinarias nas que cobran protagonismo os produtos do sector primario pontés, de alto valor engadido.

Os establecementos que participan nesta cita son O Colador, Cafetería-Cervecería Venus, Bar Chaplin, A Taberna de Pancho, Hotel Pontes do Eume, Mesón A Lareira, Segunda Cueva, Café-Bar Trastoy 3, Medulio, Mesón de Pepe, DelaPiccola As Pontes, Vinoteca Restaurante Hume, A Caseta do Parque, Bar Jardín e Mama Cakes.

Ente as propostas, veciñanza e persoas visitantes poderán atopar petiscos elaborados con chourizo, queixo, carne de porco, pataca, produtos de tempada, elabora-

cións innovadoras, pequenas mostras da gastronomía internacional. As tapas degústanse en dúas fins de semana, do 2 de novembro ao 5 de novembro e do 9 de novembro ao 12 de novembro. Os xoves as tapas serviranse de 19.30 a 23.00 horas mentres que os venres, sábados e domingos ampliarase o horario para ofrecer tamén as degustacións en horario matutino, de 12.00 a 15.00 horas e durante as tardes de 19.30 a 23.00 horas. O prezo das tapas será de 2,50 euros.

PREMIOS. Saborea As Pontes repartirá dous premios entre todas as tapas do concurso. Unha Comisión de Valoración Oficial será a encargada de elixir a mellora tapa pontesa mentres que o xurado popular, a través do seu voto, escollerá a tapa pontesa máis valorada polo público.

Ademais, repartiranse 9 premios, de 200 euros cada un, entre todas aquelas persoas que cubran os boletos do concurso de tapas que poderán trocarse no comercio e hostalaría local.



Programan varios concertos este mes pola festividade de Santa Icíá

A asociación de músicos Ruada organiza a celebración Santa Icíá, en colaboración co Concello das Pontes, na que se incluírán máis de 15 actuacións en novembro.

O programa arrancará o 11, ás 20.00 horas, co Concerto de Outono a cargo da Coral polifónica Eixil de Cedeira, Concerto Tempo de Ferrol e Coral Endesa. Continuarán o día 17 con varios concertos na Casa Dopeso a cargo dos grupos No Cómbaro, Vila de As Pontes e Nimbois, en xornada de tarde. Ao día seguinte, pero ás 13.00 horas será a vez da agrupación Canavella.

O 20 de novembro, ás 18.00 horas, está previsto un concerto de música de Haydn a cargo de Fisión Atlántica Ensemble, coa participación de Pablo Carpintero. Esta será no Auditorio Municipal. O mércores 22, ás 18.00 horas, haberá un concerto do profesorado do conservatorio e, ao día seguinte, Rockservatorio en la Casa Dopeso. O venres seguirán os concertos, ás 19.30 horas, dirixidos á música tradicional, coa Escola municipal de Acordeóns, Os Feroces da Galgueira e a Banda de Música.

O 26, ás 13.15 horas, está prevista a misa na igrexa de Ribadeume, seguida da tradicional ofrenda floral e a actuación de Canavella. Rematará a programación ao día seguinte, ás 19.00 horas, coa actuación da Escola de música tradicional do Concello no auditorio.




REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Loures



EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
ryramosloures

O peche inminente da térmica das Pontes remata coa paz social

A Mesa para o impulso da actividade económica das Pontes celebrou unha nova reunión, na que participaron as administracións públicas e os axentes económicos e sociais para avanzar na reindustrialización da comarca.

Ao encontro asistiron a conselleira de Economía, Industria e Innovación, María Jesús Lorenzana; o alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, así como representantes do Instituto de Transición Xusta e da Subdelegación do Goberno, de Endesa, da CIG, UGT e CCOO, da Confederación de Empresarios, da Asociación de Empresarios Seara, da Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios das Pontes, así como da Xunta. No encontro, as administracións e os axentes sociais coincidiron en reclamar a Endesa o plan de pre-desmantelamento así como de desmantelamento da súa central térmica, xa que é preciso contar cun calendario con prazos definidos que achegue certezas e permita afrontar, de xeito paralelo, os proxectos industriais e enerxéticos nos que se está traballando. Precisamente, na reunión avaliou o estado destes proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas que prevén implantarse na comarca coas que se pretende dinamizar a actividade económica e crear novos pos-

tos de traballo. Os asistentes incidiron en que é prioritario traballar nun proceso de transición que garanta tanto o mantemento da actividade como o emprego.

CIG. Pola súa banda, a CIG reclamou garantías reais de emprego e que se inicien os trámites do concurso público de transición xusta nas Pontes, como elemento fundamental para asegurar a instalación de novos proxectos industriais na localidade. Na xuntanza, promovida pola Xunta de Galiza, participou a conselleira de Economía e Industria, os directores xerais de Industria, Enerxía e Formación, o alcalde das Pontes, as organizacións sindicais, asociacións de empresas e comerciantes, Endesa e, por primeira vez, a CEG.

No relativo ao ámbito laboral, e coa urxencia dos ERE anunciados por MAESA e JOFRA (dos que se pediu a retirada dos expedientes), o debate centrouse en exixir garantías de continuidade do emprego para que durante o proceso de pre-desmantelamento e desmantelamento da central e da instalacións de novos proxectos non se produzan despedimentos. Pero Endesa, explica Tupi, “mantívose no seu posicionamento, non ofrecendo garantías máis alá de novembro e limitándose a falar de

calendarios e cronogramas”.

Na mesma liña, expúxose que a formación ten que estar ligada aos proxectos que, en teoría, se van instalar na localidade e cunha funcionalidade para a inserción laboral directa. “En ningún caso pode ser a conta do desemprego. Os traballadores e traballadoras non poden pagar co paro a formación para a reinserción laboral”, aseverou.

Sobre estas cuestións, tanto as administracións como a representación sindical demandáronlle a Endesa outra formulación para evitar os despedimentos, que se poidan enlazar todos os procesos previos á instalación de proxectos e que a formación se dea con cobertura para o persoal, non no desemprego.

Neste camiño, a propia Consellaría de Economía demandoulle a Endesa que antes do venres presente unha nova proposta para tentar cubrir esas expectativas e a partir de ir manterase outra reunión. Sobre isto, Amado fixo fincapé no feito de que “por primeira vez as administracións asumiron as posturas sindicais no ámbito laboral e da demanda de garantías de continuidade do emprego”.

Así as cousas, instou a todas as administracións a que “forcen a Endesa para que non abandone os traballadores e traballadoras das auxiliares neste proceso de transición, ligando o proceso a un emprego real na localidade e non só ás tarefas de desmantelamento”.

Os representantes da CIG reclamaron actuacións para que non haxa problemas técnicos para a instalación dos proxectos e reiterou a demanda para que se reasignen ás Pontes os 1400MW de evacuación que se liberarán tras o peche da central térmica.

CENTRO LOXÍSTICO. O Consello da Xunta acordou tamén a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a construción e posta en funcionamento dun



centro loxístico neste municipio.

A Xunta achegará un total de 250.000 euros, o 25 % do total. Esta infraestrutura localizarase nunha parcela de 9.000 metros cadrados no parque empresarial Penapurreira e constará de dúas naves anexas e unha zona de oficinas cunha superficie construída de 2.000 metros cadrados. Unha das

naves estará destinada a uso loxístico e a outra a almacenamento a granel. Tamén haberá unha báscula de pesaxe de camións e unha ampla zona de manobra, carga e descarga. Deste xeito, o centro loxístico aspira a dinamizar a economía local e paliar o impacto do peche da central térmica.

PLANTA DE HIDRÓXENO

A Xunta informou favorablemente desde o punto de vista medioambiental o proxecto para a construción dunha planta de produción de hidróxeno no concello coruñés das Pontes de García Rodríguez.

O Diario Oficial de Galicia publicou o anuncio polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental emitida pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tras analizar o expediente. Con esta resolución,ponse fin á tramitación ambiental de H2Pole, polo que os promotores da actuación —Reganosa e EDP Renovables España— poderán seguir cos trámites para a súa construción.

Neste sentido, cómpre lembrar que a iniciativa para promover unha planta de hidróxeno verde nas Pontes foi a primeira en obter a declaración como proxecto industrial estratéxico de Galicia, unha figura que permite reducir os prazos da tramitación á metade mantendo todas as garantías xurídicas durante o procedemento.

Cun investimento previsto de 156 millóns de euros, H2Pole estará integrada por unha planta de produción de hidróxeno verde cunha capacidade nominal prevista de ata 100 MW e polas liñas e subes-

tacións necesarias para a alimentación eléctrica renovable das instalacións, así como as canalizacións para a distribución do hidróxeno, tanto para a inxección na rede de transporte de gas como a clientes directos.


Os promotores pretenden desenvolver o uso de hidróxeno renovable para os diferentes usuarios finais e contribuír tanto á descarbonización do sector enerxético como a potenciar unha área especialmente afectada pola deslocalización industrial como é As Pontes, un dos municipios que forma parte dos convenios de transición xusta.

PNEUMÁTICOS. Así mesmo, publicouse no DOG outro anuncio da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda polo que se lle dá publicidade á declaración de impacto ambiental favorable ao proxecto de implantación dunha nova fábrica de pneumáticos no concello das Pontes de García Rodríguez.

Promovida por Sentury Tire Spain, a fábrica integrará unha serie de edificios de produción, xestión e servizos auxiliares e terá unha capacidade de produción anual de 12 millóns de pneumáticos, segundo consta no propio proxecto.



Tal e como anunciaron en setembro, traballadores das firmas auxiliares da central térmica de Endesa nas Pontes volveron ás rúas para pedir garantías de emprego e que o colectivo non acabe en situación de paro unha vez que se produza o peche das instalacións. Así o pactaron nunha reunión CCOO, UXT e CIG xunto á coordinadora da industria auxiliar do complexo. Preto dun centenar de traballadores das empresas auxiliares concentráronse ante o edificio administrativo da Xunta en Ferrol, para asegurar que “o que se está producindo non é unha transición xusta”.



Nosotros elegimos la Tierra

es.edp.com

meira

Celebran unha nova xuntanza de maiores

A localidade de Meira continúa cunha nova edición da súa Xuntanza de Maiores, que este ano se celebrará o venres 10 de novembro. A xornada consistirá nunha misa solemne na Igrexa de Santa María de Meira, a partir das 13.00 horas, seguida dun xantar e baile no pavillón dos deportes da localidade. Como en anos anteriores, recibirán un agasallo o home e a muller de máis idade do termo municipal.

Esta xuntanza está organizada polo Concello de Meira e require de inscrición previa. As invitacións deberán levarse o día da festa.

BAILE E COSTURA. Os bailes de salón volven este mes na casa da cultura. As sesións terán lugar os mércores de 22.00 a 23.30 horas a un prezo de 50 euros por parella cada catro clases.

Organizan tamén o curso de costura, que impartirá María Luisa Freire Cordero, modista e profesora de corte e confección. A programación será de tres días de clase mensuais que suporán 45 euros. Cada sesión constará de tres horas de formación.

Convocan a IV edición das xornadas Terra de Miranda

Meira, Riotorto, Trabada e A Pontenova, en colaboración coa Nova Escola Galega, organizan a cuarta edición das xornadas Terra de Miranda, que terá lugar os días 10 e 11 de novembro na casa da cultura da Pontenova. Esta iniciativa ten como obxectivo analizar a situación do medio rural desde a óptica educativa e en concreto este ano centrarase no despoboamento e na importancia de potenciar o turismo sostible no territorio.

A Deputación de Lugo colabora con 2.500 euros para a celebración desta cita que, durante dous días, abordará diferentes temáticas a través de mesas redondas, relatorios e presentacións. Unha iniciativa que conta con preto de 40 colectivos involucrados e un total de 15 persoas forman parte da organización.

“Apoiamos estas xornadas porque na Deputación temos un fondo compromiso co rural e sabemos que o futuro da nosa provincia pasa por potencialo, porque é importante falar del, pero tamén hai que apostar por el, dotándoo de infraestruturas e servizos”, sinalou Rivera Capón,



que puxo como exemplo desa aposta da institución a rede de centros públicos de atención a maiores, o investimento en infraestruturas ou o traballo co tecido asociativo.

O deputado puxo en valor o carácter transversal e multidisciplinar das xornadas, que abordan temas de patrimonio, de historia ou de medio ambiente, e deu os parabéns aos organizadores por ser quen de recuperar esta cita que “bebe do pasado para marcar un bo rumbo no presente”, argumentando que o pasado é un “legado vivo que temos que aproveitar para deseñar o futuro”.

riotorto

A localidade contará cun novo baile de fin de ano

O Concello de Riotorto programou de novo este fin de ano o seu baile tradicional, que se celebrará a partir das 1.00 horas do día 1 de xaneiro do próximo ano.

A entrada para esta festa será de balde e os asistentes poderán desfrutar da animación musical do dúo Belinda no centro sociocultural da localidade.

Durante a festa haberá servizo de bar e ás 5.30 horas servirase chocolate gratis para todos. Esta festa está organizada polo Concello en colaboración coas asociacións veciñais e culturais do municipio.



Curso de Afammer o día 13

A Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo, Afammer Lugo, ofrecerá un curso para obter o diploma de capacitación para manipulación de alimentos.

Este terá lugar o luns 13 de novembro, en Riotorto, no centro sociocultural da circunvalación.

A inscrición é gratuíta. Para reservar praza ou consultar dúbidas, pódese facer no teléfono 654 394 780.

O curso terá lugar entre as 10.00 e as 13.00 horas e englobase dentro do Plan Corresponsables Afammer Lugo.

EXPOSICIÓN
A NOSA ARTE
Colección do Parlamento de Galicia

LUGO
DO 9 DE NOVEMBRO DE 2023
AO 27 DE XANEIRO DE 2024
SEDE AFUNDACIÓN
Praza Maior, 16

Horario:
Luns a sábado de 17.30 h a 20.30 h.
Domingos e festivos pechado



O CPI Doutor Suárez participa nunha liga sobre ciberseguridade

Máis de 1.000 alumnos de 4º de ESO de 34 centros educativos de Galicia participaron neste curso na modalidade preamateur da V Ciberliga 2023, unha actividade teórico-práctica de formación en ciberseguridade e en prol dun exercicio responsable da cidadanía dixital. A iniciativa é impulsada pola Garda Civil e foron elixidas para participar nesta iniciativa Galicia, Castela-A Mancha e Madrid. Será o Instituto Nacional de Ciberseguridade o que desenvolva a actividade ao longo do primeiro trimestre do curso, con dúas fases clasificatorias. A primeira delas, a nivel galego, consistirá nunha formación en streaming dunha hora de duración á que seguirá un ciber-reto nun espazo virtual seguro no que participará o alumnado en grupos de tres ou catro.

Neste ciber-reto terán a oportunidade de por en práctica os coñecementos de ciberseguridade aprendidos na sesión anterior. Pasarán á segunda fase, a nivel nacional, os cinco mellores equipos clasificados no ciber-reto a nivel galego. Desenvolverase, con similares características e probas, en Aranjuez do 14 ao 16 de novembro.

Os centros galegos participantes na provincia de Lugo son o IES Perdouro de Burela, o IES Marqués de Sargadelos de Cervo, o CPR Plurilingüe Martínez Otero de Foz, o CPI Dr. López Suárez de Friol, o IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo, o CPR Real Colegio Padres Escolapios de Monforte, o CPR Plurilingüe Ntra. Sra. de la Asunción e o IES Gregorio Fernández de Sarria.

Friol presume dos seus produtos alimentarios artesáns nunha xornada

No marco das xornadas divulgativas Artesanía Alimentaria: Marca a Diferenza, Friol acolleu a demostración culinaria sobre produtos cárnicos e da IXP Pan Galego. Financiadas pola Deputación, buscan difundir, poñer en valor e promover a produción e comercialización dos produtos artesáns que ofrecen as reservas da biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, potenciando a súa calidade como factor diferencial.

Trátase dunha actividade que organiza a Asociación Galega de Operadoras Artesanais de Alimentación e Pensos (AGOAAP). Inclúen tres citas: unha, xa celebrada, en Navia de Suarna sobre derivados cárnicos, a IXP Terras do Navia e a DOP Queixo do Cebreiro; a de Friol, centrada nos derivados cárnicos e a IXP Pan Galego; e outra, prevista



para o 14 de novembro na capital chairega, sobre a DOP San Simón da Costa e a IXP Capón de Vilalba. A programación en Friol arrancou pola mañá no Centro Público Integrado Doutor López Suárez e continuou con actividades centradas nos selos de calidade e a sustentabilidade deste negocio. O programa rematou cun *showcooking*.



Rematan as obras de iluminación do campo de fútbol e o mercado

Ata o de agora o alumeado existente no campo de fútbol de Friol, na rúa de acceso, e no mercado gandeiro, encontrábase en condicións moi deficitarias, con luminarias con un elevado consumo de enerxía eléctrica, polo que o Concello tiña que asumir un elevado custo económico.

Os traballos no campo de fútbol veñen dados tamén debido ás peticións recibidas dende todos os clubs de fútbol do pobo, que viñan solicitando dende fai un tempo, debido á mala calidade lumínica da instalación existente, que fai que os partidos que se teñen que disputar en días ou en horarios con pouca visibilidade, provoquen as queixas dos árbitros e dos equipos rivais.

Con estes traballos realizouse a renovación do alumeado existente, colocando novas luminarias e proxeectores de tipo LED de menor potencia, con dobre nivel, realizouse a instalación dun descargador de tensión e unha nova toma de terra en cada cadro de protección e mando existente.

Están a colocarse tamén unhas to-

rres de iluminación, no campo de fútbol, de 15 metros de altura para colocar os proxeectores LED, segundo marca a normativa de NIDE de iluminación de campos de fútbol.

En canto ao mercado gandeiro está a realizarse a substitución dos proxeectores existentes por outros máis eficientes en LED.

Con estes traballos, cos que se incrementará en máis de un 30% o número de puntos de luz existentes, e cos que será moito menor a potencia consumida en quilovatios, conseguirase que o consumo enerxético, e polo tanto os custos, se vexan reducidos en máis de un 40%.

O Concello de Friol intenta reducir custos enerxéticos, custos de mantemento, mellorar a calidade lumínica, etc, polo que continúa co proxecto de renovar todas as luminarias do alumeado público.

Jose Ángel Santos, alcalde de Friol insiste en que "dende o equipo de Goberno intentamos aproveitar subvencións, convenios, ou axudas para poder levar a cabo a maior cantidade de obras, servizos, etc".

EN BREVE

ITV. A unidade móbil da ITV estará entre os días 13 e 29 de novembro en Friol para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada no mercado gandeiro. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os venres, que será só en horario de mañá. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

NARLA. A asociación Pena Castrela organiza un magosto na parroquia de Narla o sábado 11 de novembro. A cita contará coa actuación musical da cantante Nerea Cobas, veciña da zona. Os asistentes tamén poderán gozar coa sesión do Dj Francis. En canto á cea popular, haberá empanada, chourizo, bacon, xamón cocido, churrasco, panceta, postre, café e castañas por un prezo de 20 euros.

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

MOBELRIAS

Descubre as novidades na tenda

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Programan a segunda fase do proxecto de permutas de terras

A directora Xeral de Agader desprazouse a Friol para manter unha reunión na sede do GDR Comarca de Lugo, xunto con José Ángel Santos, alcalde e presidente de GDR 4; José Pardo, alcalde de Outeiro de Rei; Mariano Iglesias, alcalde de Mesía; Luis Martínez, alcalde de Ordes; Verónica Vilela, concelleira de Guntín; Lorena López, xerente GDR Comarca de Lugo; Ramiro Ruibal, xerente do GDR Pontevedra Norte; Domingo Lojo, xerente de Asdecomor; María Pérez, xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias, e Carlos Díaz, xefe de Área de Xestión de Mobilidade de Terras, para dar as últimas pinceladas e perfilar o remate do segundo proxecto de cooperación para o estudo da ordenación do territorio agrario a través do sistema de permutas de terras agrarias.

Nesta reunión, Inés Santé, confirmou a concesión duns 275.000 euros para o financiamento da totalidade de toda a segunda fase do proxecto, que supoñerá o final dos traballos iniciados nas zonas de: Friol (Nodar e Condes), Outeiro de Rei (Mosteiro), Guntín (Cibrao-Vilameá), A Estrada (Cabanas) e Ordes.

Nesta segunda fase van mobilizar case 1.000 hectáreas de superficie agraria, nas que na actualidade están divididas nunhas 3.033 parcelas e beneficiaranse 111 propietarios. Concretamente o concello de Friol será o municipio con maior superficie, onde se mobilizarán 279 hectáreas distribuídas polas parroquias de Nodar, con 205 ha, que terá un orzamento asignado de 53.613 euros e na de Condes, no lugar do Castro, con 74 ha, beneficiándose 28 propietarios e cun custo de 22.527 euros. No municipio de Outeiro de Rei se permutarán unhas 84 ha no lugar de Mosteiro, cun total de 85 parcelas e participarán 8 propietarios, onde ten un custo de 24.066 euros, así como no concello de Guntín, cun investimento duns 58.067 euros, mobilizaranse 236 ha, actuarase nunhas 520 parcelas sendo beneficiados 25 propietarios dos lugares de Cibrao e Vilameá. Na Estrada, no núcleo de Cabanelas mobilizaranse 233 ha cunhas 1.833 parcelas de 35 propietarios, cun custo estimado de 88.353 euros. Por último, en Ordes, cun financiamento de 26.516 euros, actuarase en 70 hectáreas de 65 par-

celas, propiedade de 15 titulares. O GDR Comarca de Lugo, despois de poñer en marcha cun primeiro proxecto piloto de permutas e despois do éxito obtido, coordina tamén este segundo proxecto de cooperación xunto co GDR Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes e GDR Terras de Pontevedra.



Comezan clases de baile e ximnasia de mantemento

O Concello organiza clases de baile latino e de salón para os veciños e veciñas que desexen anotarse. E tamén ximnasia de mantemento para todas as persoas do municipio que estean interesadas.

As de ximnasia darán comezo o martes día 14 de novembro. Poderán participar todas as persoas do municipio que queiran facer exercicio, divertirse e socializar nas tardes e noites dos martes e dos xoves, entre as 21.00 e as 22.00 horas.

Para as clases de baile poden apuntarse os veciños e veciñas

que lles apeteza aprender a bailar, ou perfeccionar os seus pasos aqueles que xa saiban, ou simplemente pasar as tardes e noites dos luns dun xeito divertido e diferente. As clases de baile comezarán o luns 13 de novembro. Poderán facerse as inscricións nas oficinas do Concello ou a través do correo electrónico info@concellodefriol.es. As clases de baile serán os luns de 21.00 a 22.30 horas e a ximnasia os martes e os xoves de 21.00 a 22.00 horas. Ámbalas dúas actividades levaranse a cabo no pavillón de deportes do Concello de Friol.

Asesoría Enerxética

Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

2008-2023
15 ANOS
APOIANDO
O TEATRO
AFECIONADO

Grupo de Teatro do Hospital de Lugo (HULA)
A Mariña/Abrente/Curuxan/A Adala Futura
Grupo de Teatro Down/Os Pinchacarneiros
Pico do Castro/Grupo Humorístico Trípede
Os Pícaros de Lagoa/O Bordelo/O Torques
Melátese Teatro/A Adala/Hipócrata Teatro
Grupo de Teatro Viravento/Lume Escénico
O Centiño/Borguete Teatro/Aleñía Teatro
Nova Escena/Colectivo Cultural Ollomao
Argalleiras/Teatreiras/Rebuldeira Teatro
57 Palabras/Os Palimoquiños/Os Trocos
Falcatrueros/Os Baluros/Aleñía Teatro
Ardora/Grupo de Teatro da Biblioteca
Municipal de Antas de Ulla

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA
Cultura

Máis información en
www.cultura.deputacionlugo.gal

Circuíto de teatro afeccionado 2023

ILUSTRACIÓN DE OSCAR VILLAR

Comezan varias obras de rexeneración de vías



O Concello de Castro de Rei está a executar traballos de rexeneración de vías municipais con cargo ao Plan de mellora de camiños da Xunta de Galicia e Plan Único da Deputación de Lugo, cofinanciadas tamén polo Concello, por importe de 262.000 euros.

A primeira das actuacións que se financia con cargo ao Plan de mellora de camiños da Xunta, cun importe de 102.825 euros, destínase á rexeneración de varias vías municipais nas parroquias de Loentia, Santa Locaia e San Xiao de Mos. Conta cun prazo de execución de dous meses.

A segunda das actuacións que se financia con cargo ó Plan Único da Deputación, cun importe de

159.929 euros, cofinanciada tamén polo Concello, destinarase á rexeneración de varias vías municipais nas parroquias de Santa Locaia, Quintela, San Martiño de Goberno, Bazar, Dumpín e San Xiao de Mos, contando cun prazo de execución de dous meses.

Dende o Concello como é habitual, destacan "a necesidade de poder contar con estas axudas para poder manter en boas condicións a rede viaria municipal, xa que se trata dun concello no que por razón da forte implantación que ten o sector agrícola e gandeiro, as vías están expostas a unhas condicións de deterioro constante, polo que esixen un mantemento moito máis exhaustivo".

O Concello alega á CHMS contra a eliminación de cinco azudes

O Concello de Castro de Rei presentou unha serie de alegacións ás actuacións da Confederación Hidrográfica Miño-Sil destinadas a eliminar 5 azudes nun tramo de 3,1 km no río Miño e nun tramo do río Pequeno, (nas parroquias de Pacios, Ponte de Outeiro e Muimenta) dos que 4 pertencen ó concello de Castro de Rei e 1 ao de Cospeito.

Segundo explica o seu alcalde, Francisco Balado, estas estruturas correspóndense coas presas ou azudes de antigos muíños, que actualmente carecen de concesión e enmárcanse dentro das actuacións da Confederación destinadas a eliminar obras hidráulicas previstas na planificación hidrolóxica "que xustifican coas melloras da continuidade fluvial".

Dende o Concello entenden que a actuación que pretende a Confederación non é a correcta por dous motivos. Aseguran en primeiro lugar que non se ten en conta o punto de vista do patrimonio cultural "xa que se trata de construcións en pedra tradicional que existen desde tempo inmemorial" (algunhas xa constan no Catastro de Ensenada de 1752, incluso son anteriores, e poden contar con 3 séculos de antigüidade).



Engade Balado que están construídas seguindo a "arte da pedra en seco" técnica construtiva consistente en colocar pedras sen ningún tipo de argamasa ou formigón que serva de elemento de unión, que se utilizaba en paredes, peches de fincas, presas, caneiros, etc... que foi declarada pola Unesco no ano 2018 como patrimonio cultural inmaterial da humanidade.

"Nestes termos sostemos que a pretendida actuación contravén o disposto na lei 5/2016 de 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia que no seu artigo 91 atribúe valor etnolóxico aos muíños,

batáns e á infraestrutura hidráulica necesaria para o seu funcionamento", explica.

O Concello especifica unha segunda circunstancia. Alegan que estas estruturas dende tempo inmemorial cumpren unha importante función de retención da auga, que resulta beneficiosa principalmente nos meses de verán, cando a auga escasea, formando parte do patrimonio hidráulico, polo que se entende que o feito de que se pretenda desmantelar ditas estruturas resultaría contrario ós usos da auga que se veñen facendo nas zonas agrícolas e gandeiras.

EN BREVE

CESTARÍA. Xa está aberto o prazo de inscrición para o obradoiro de cestería con colmo e silva que se celebrará os días 11 e 12 de novembro no Castro de Viladonga. O taller será impartido pola cesteira Lola Tourón Río e terá horario de mañá e tarde o sábado (11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 horas) e só de mañá o domingo. Para inscribirse deberán chamar ao teléfono 982 870 160. Hai 15 prazas e accederase ao obradoiro por rigoroso orde de chamada.

VALUROS. O colectivo Os Valuros de Castro de Rei ten como obxectivo a creación dun grupo de cantos de taberna, un novo proxecto que abre a toda a veciñanza. O plan que teñen é formar un grupo dun mínimo de dez persoas que non é necesario que teñan coñecementos musicais. As reunións realizaranse os martes ás 20.30 horas e as persoas que queiran participar poden facelo chamando ao 646 475 639 (Ana) onde se lles informará do proxecto.

Sae a licitación o proxecto para o primeiro centro de refuxiados

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, destacou o compromiso do Goberno para facer realidade o primeiro Centro de Acolida de Protección Internacional (CAPI) de Galicia en Castro de Ribeiros de Lea. O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións licitou xa o proxecto que se creará nas instalacións do antigo Hospital San Rafael, cedido pola Deputación. A subdelegada manifestou que

"damos un paso máis para facer realidade este centro de refuxiados, o que demostra a aposta do Goberno de Pedro Sánchez coa provincia de Lugo". Fixo mención neste senso á visita do Ministro Escrivá a Lugo, agradecendo "que dese a súa palabra e que a materialice en feitos, con este proxecto que se vai facer realidade e será de novo un impulso para o desenvolvemento".

Esta licitación permitirá dar un novo uso ao edificio, que terá capacidade para acoller a 250 persoas nun recinto de 43.000 metros cadrados cedidos pola institución provincial.

"Podemos estar orgullosos das políticas públicas que poñemos en marcha na nosa provincia, pensando sempre nas persoas máis vulnerables e con máis necesidades", dixo.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL +

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

“O aspecto esencial é promover o estudo da paisaxe da Chaira”

Margarita Ledo Andión, alma máter da fundación que leva o seu nome

A Fundación Margarita Ledo Andión nace empadroada na casa familiar da cineasta co obxectivo de pór a disposición de todas as persoas interesadas material pertencente á cultura galega así como ser un espazo de encontro en torno á cultura, ao cinema e ao territorio.

Como nace a idea de crear esta fundación?

Nace de que queremos que todo o material que hai dentro da casa e que todo o que eu teño acumulado, que son moitos libros, principalmente de comunicación, de cine e tamén de fotografía así como obras gráficas de gravado, litografía e serigrafía de diferentes autores e autoras estea a disposición da xente. Que todo este legado cultural e de comunicación, en vez de levalo a lugares onde xa hai exceso de obxectos culturais levalo a un lugar que teña que ver con nós, que estea vivo e onde podamos crear un centro de estudos, de investigación, de entretemento e de cultura.

Para quen está pensado este novo espazo?

Está pensado como un lugar para xente interesada sobre todo en cine e comunicación pero tamén obviamente para xente interesada en todo o que ten que ver coa literatura e a cultura galega e tamén pintura, gravado, obra gráfica e foto. O espazo da fundación vai ser o que se coñece como Casa da Galería, que está no centro de Castro de Rei e imos adaptala para que conte cunha biblioteca, mediateca e diferentes espazos expositivos, de obradoiro e de residencias para investigadores e estudiosos. A nosa idea é que estes espazos estean listos en dous anos para poder funcionar de maneira normal.

Durante estes dous anos vai a haber algunha actividade?

Fixemos unha pequena exposición dun documental e queremos comezar con actividades no próximo verán. No momento que se aproba unha fundación, como neste caso de interese cultural, tes que comezar a facer plans de actividades. Entón imos realizar fundamentalmente exposicións de obra gráfica e visual, da produtora Nós, que está tamén ligada á familia, e doutros autores e autoras cos que temos relación.

Estará vinculada co territorio?

Si, hai un aspecto interesante para nós que é promover o estudo da paisaxe da Chaira, do seu significado e tamén da súa conservación. Isto querémolo comezar a facer a través de seminarios, de foros de discusión e de análise de campo. Xa que estamos no centenario da creación do Seminario de Estudos Galegos que

facían excursións e análise de campo a través de observar e tomar notas, nós queremos volver pisar, observar e ver a paisaxe en relación co patrimonio da Chaira e debater isto para tratar de melloralo e conservalo. Todo o que ten que ver coa paisaxe da Chaira vai ser prioritario.

Como vai ser a xestión do espazo, vai estar presente de maneira continua?

Non de maneira continua porque non podo por outro tipo de compromisos, pero si vou estar presente. Ademais, a medio prazo queremos profesionalizado e que estivesen persoas á fronte que se ocuparan de todo. Agora hai que comezar a inventariar, a localizar documentación e a ordenala, todo isto é un traballo que leva tempo. A idea é dalgún xeito profesionalizalo e que haxa persoas que podan atender a quen lle interese polo menos dous ou tres días á semana.

Será accesible todo o material?

Si, vai haber zona accesible de biblioteca, de visionado de materiais, de consulta de documentos e puntualmente ás actividades que se organicen. Vai ser sempre un espazo accesible excepto algún material que poda ser para investigación, pero o máis relevante vai ser o que vai estar aberto a todo o público.

Cal é o principal obxectivo desta nova fundación?

Por unha banda é darlle uso e poñer a disposición de quen lle interese toda unha serie de materiais que eu teño como libros, películas, fotos e documentación diversa, darlle unha saída a todas esas cousas que están publicadas. Pero sobre todo facer que a xente se encontre, facer que a xente recupere espazos, que poda falarse de cultura en acción, ligada a



cuestións que teñan que ver co coñecemento do lugar onde están. A min interésame moito obviamente tamén todo o que ten que ver cos estudos da cultura en lingua galega e ligada ás mulleres. Na chaira e sobre todo en zonas próximas como é Lugo hai moitas mulleres en ámbitos creativos diversos que nos interesa dar a coñecer.

“Está pensado como un lugar para xente interesada sobre todo en cine e comunicación, pero tamén noutras disciplinas”

Estará centrada principalmente na cultura galega?

Si, fundamentalmente si. Habrá intercambio con outras fundacións, habrá tamén visitas e accións ligadas a outras culturas, fundamentalmente ao ámbito lusófono, xa que eu traballei sempre no ámbito de Portugal e de Brasil. Pero tamén obviamente a calquera aspecto li-

gado ao cinema e ao que se coñece como cinema das pequenas nacións que son independentes, con lingua propia e con moitas características comúns de onde xurdiu tamén o chamado no seu momento novo cinema galego. Polo tanto, un centro de encontro e un centro de intercambio da cultura galega con outras culturas. Un pouco tamén este é o sentido de calquera cultura, relacionarse con outras, incorporar aspectos e crear este circuíto de sinerxias e de ampliar a mirada.

Esta nova fundación estará conectada con outras?

Si, está conectada e conectarase con outras fundacións que hai na Chaira como a de Manuel María, que está moi próxima, en Outeiro de Rei, e Manuel María foi un dos meus mentores; coa Casa Cunqueiro, que está en Mondoñedo ou con Gaita Films, que está en Meira, e tamén hai un patrimonio moi forte ligado ao Castro de Viladonga. Polo tanto, crear toda esta rede e complementar para toda a xente que está interesada na cultura, quere facer ou aprender a ver cine e outro tipo de actividades que poden ser múltiples e variadas e que en cada momento aparecerán iniciativas que non veñan só de nós senón doutro tipo de persoas.



**SÁBADO 18
DE
NOVEMBRO
2023**

**FEIRA
DE
SANTOS**



ORGANIZA:



CONCELLO DE ABADÍN

**GONTÁN
ABADÍN**



cospeito

A comisión de Muimenta investirá o sobranse do orzamento noutras accións

A comisión das festas de Muimenta 2023 informou á veciñanza que obtiveron un balance positivo nas contas desta celebración polo que cos caros sobranse do recadado para as patronais deste anos, están a investir noutras celebracións.

Así, comezaron coa organización duns Cantos de Taberna, que tiveron lugar o pasado sábado 4 de novembro. Ademais, colaborarán coa actual directiva da Asociación Cultural e Veciñal Aquilino Iglesia Alvariño para a remodelación do tellado do Caseto do Río. O colectivo presentou un orzamento para a súa reparación, e a comisión decidiu aceptalo e asumir o custe completo do mesmo. O obxectivo é comezar nos vindeiros días coas obras de reparación e conservación do mesmo.

Por último e seguindo a idea orixinal



da comisión, procederase á restauración de dúas das imaxes relixiosas que alberga a parroquia. Para iso, iniciaron os contactos co propio párroco de Muimenta e cunha restauradora. Nesta semana, aceptarán o orzamento, e nos vindeiros días, iniciárase o proceso de redacción de memoria e solicitude dos correspon-

dentes permisos a presentar ante Patrimonio, da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o propio Bispado de Mondoñedo-Ferrol. Debido a estas decisión, a comisión retrasará a presentación das contas á veciñanza, para poder incluír os tres proxectos no resumo de actividades.

EN BREVE

ENVECELLEMENTO. O local social do centro médico de Muimenta acolle unha formación gratuíta sobre envellecemento activo e autocoidado o venres 10, de 16.00 a 19.00 horas. A actividade será impartida por Afalu. Os interesados xa poden realizar a súa inscrición na mercería Teresa.

COMPOSTAXE. A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño de Pino celebrará o sábado 18 de novembro unha actividade sobre boas prácticas medioambientais, centrándose na compostaxe. Será de 9.30 a 13.30 horas e necesítase inscrición previa, antes do 13 de novembro.

Patricia Torrado gaña o Certame de Caligramas

A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño convocou unha nova edición do Certame de Debuxo Infantil A túa Caldaloba e do III Certame de Caligramas Constanza de Castro, ambos en colaboración con Culturalia GZ e Caldaloba.es co fin de reivindicar a relevancia histórica e cultural da Torre.

Neste concurso participan maiores de 12 anos cunha única obra en formato e temática libres. Nesta ocasión, o primeiro premio foi para Patricia Torrado Queiruga,

de Porto do Son, A Coruña, pola súa obra *Última noite en Caldaloba*. O segundo premio foi para a obra *Engranaxes*, de Laura Sánchez Castro, de Santiago de Compostela.

O Certame de Caligramas Constanza de Castro, que chegaba á súa terceira edición, ten como obxectivo reivindicar a relevancia histórica e cultural deste emblema da Chaira, ademais de promover a creación artística. O obxectivo é crear debuxos con textos.

pol

A polense Nicole Grueira é a única candidata a presidir Novas Xeracións

Nicole Grueira foi proclamada candidata única a presidir Novas Xeracións de Galicia despois de facer entrega de máis de 350 avais, catro veces máis que os 90 requiridos como mínimo, de membros da organización das catro provincias.

A candidata oficial á presidencia da organización político-xuvenil do PPdeG, nacida en Pol hai 22 anos, entregou estes avais ante a Comisión Organizadora do Congreso que se celebrará o próximo 18 de novembro.

Tal e como establece o Regulamento do XI Congreso de Novas Xeracións de Galicia, unha vez formalizada a candidatura mediante a



entrega de avais, xa rematada, terá lugar unha campaña interna para a recollida de apoios e a presentación do proxecto co que Grueira aspira a liderar a organización.

O BNG leva ao Parlamento a demanda dun bo servizo de transporte para a localidade

O BNG, a través da deputada Carme Aira, denuncia mediante unha batería de preguntas no Parlamento Galego a situación do transporte que se vive en Pol, concretamente no referido ao transporte para xuventude que cursa estudos non obrigatorios. O concello de Pol, que está atravesado pola estrada nacional N-640 que comunica Lugo-Meira e as estradas autonómicas LU-750 e LU-760, que posibilitan a comunicación do interior de Pol coa capital da provincia, "padece a insuficiencia nas liñas de

transporte", explica a deputada. Unha rapaza do barrio de Aldea de Milleiros, concretamente, debería coller a parada fronte á igrexa, a 300 metros da casa, "pero ten que desprazarse a 3,5 km ata o cruce de Rioxoán para coller o bus ás 7.15 horas da mañá e o mesmo á volta", explica. Así, Carme aira defende que o transporte público "debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía polo seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade, e este servizo resulta fundamental cara a unha maior sostibilidade ambiental, reducindo o maior porcentaxe posible das emisións de CO2 á atmosfera e gañando calidade contra o cambio climático", sostén.

Convocado para os domingos do mes un obradoiro de reciclaxe

O Concello de Pol xunto coa Reserva da Biosfera Terras do Miño organiza un obradoiro de reciclaxe, reutilización e recuperación para os días 12, 19 e 26 de novembro, en horario de 10.00 a 14.00 horas.

Terá lugar na caseta da Carballeira de Mosteiro, no concello de Pol, e para poder inscribirse hai que chamar ao teléfono 982 345 029. Haberá un límite de 15 prazas.

O BNG pide unha solución para os asolagamentos de Riocaldo

O concelleiro do BNG en Begonte, Pablo Ares, e a responsable local, Uxía Ferreiro, estiveron coñecendo de primeira man a problemática que a veciñanza do barrio de Río Calvo, da parroquia de Begonte, ten cando se dan episodios de choivas porque “teñen que estar pendentes das enchentes dos ríos Ladra e Parga polos asolagamentos que acontecen”.

O Bloque Nacionalista Galego en Begonte a través do seu concelleiro Pablo Ares presentará unha moción no vindeiro pleno para “esixirle ao Concello que realice as xestións correspondentes ante Adif, Confederación Hidrográfica e Fomento para que a veciñanza de Río Calvo non teña que estar pendente das enchentes cada vez que hai un episodio de choivas. “Estas administracións non realizan mantemento nas súas áreas de influencia ao redor dos ríos Parga e Ladra, co cal cada vez que temos uns episodios de choiva como os ocorridos estes días a veciñanza esta nun sin vivir co medo no corpo polos posibles asolagamentos que se producen nesta zona do concello de



Begonte”, din.

“Se estas tres administracións tiveran feito durante o verán traballos de mantemento, roza e sacar árbores caídas das canles dos ríos e das cunetas da N-VI a veciñanza non tería que preocuparse polo que lles vai pasar nas súas casas, recordando o acontecido durante o inverno pasado” manifestou o concelleiro do BNG.

“A veciñanza de Riocaldo ten que estar pendente de si o río Ladra (a catro km das súas casas) desborda, pois a

N-VI e a vía do tren (Lugo-Coruña) fan de tapón para que a auga siga o seu curso normal e acaba asolagando as súas casas”, afirman.

“Queremos que se lle dea a este barrio unha solución definitiva e non só sexan escoitados cando xa teñen o dano nas súas propiedades, por iso, pediremos no vindeiro pleno se aprobe unha moción para que desde o Concello se lle esixa á Adif, Confederación Hidrográfica e Fomento solucións xa”, concluíu Pablo Ares.

O colexio local Virxe do Corpiño incorpora un laboratorio de radio

O CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño participará no programa Radio na Biblio. A Consellería de Educación seleccionou ao centro de Begonte para formar parte da iniciativa.

Deste xeito, a posta en marcha dunha emisora de radio nun centro educativo proporciona múltiples oportunidades para o desenvolvemento de competencias chave. Realizaranse tarefas complexas que involucran diversas habilidades e destrezas, permitindo o tratamento de conti-

dos curriculares mediante metodoloxías activas.

Cando a biblioteca incorpora un laboratorio de radio pode xerar unha importante dinámica de comunicación, de apoio aos proxectos do centro, de difusión dos produtos culturais e das investigacións elaboradas polo alumnado. Ademais pode impulsar novos proxectos de carácter interdisciplinario, vinculados á educación para as competencias en información e medios.

EN BREVE

BAILE GALEGO. O Concello porá en marcha un curso de baile tradicional galego que se impartirá ata maio, de 20.15 a 21.15 horas e terá un prezo de 30 euros por mes. As persoas interesadas poderán anotarse no edificio do Concello ou no teléfono 982 396 143.

PROTA A PORTA. Os días 14, 15, 16 e 17 de novembro estará ao lado do centro médico unha unidade

móbil dentro da campaña Coidados porta a porta.

NADAL. O Concello está a preparar por terceiro ano consecutivo o Mercado de Nadal que se celebrará os días 16 e 17 de decembro na praza Irmáns Souto Montenegro. Os interesados en inscribirse poden facelo no Concello (982 396 143 ou 619 455 026) ou na dirección cultural@concellodebegonte.es.

Inviste en Friol



CONCELLO
DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

A Deputación aproba investimentos en Guitiriz



A Xunta de Goberno da Deputación aprobou investimentos por preto de 360.000 euros para a creación, mellora e mantemento de servizos públicos dos concellos de Viveiro, Castroverde e Guitiriz.

Con respecto a esta, autorizou a aplicación de remanentes da obra de humanización da rúa Boa Veciña para continuar urbanizando este céntrico lugar de Lagostelle. Son 7.324,20 euros que servirán para completar con novos materiais esta obra, que ten como obxectivo darlle unha nova cara a esta zona.

A Deputación destinou 114.000

euros para a rehabilitación e pavimentación dun firme máis groso nos 280 metros de lonxitude rúa Boa Veciña, a redución da altura existente entre a calzada e as beirarrúas, así como a substitución do mobiliario urbano coa instalación de novos bancos e papeleiras integradas coa contorna. Esta é unha das vías máis usadas por guitiricenses e visitantes, xa que se trata dunha das entradas desde a auto-vía cara o centro da localidade que desemboca na Avenida da Coruña, e tamén punto de paso para outras céntricas vías.

O PP denuncia o aumento dos ingresos de concelleiros

Os concelleiros do PP denuncian que a alcaldesa multiplicou por catro os ingresos dos concelleiros sen dedicación do Goberno local. José Manuel López explica que duplicou a retribución por asistencia ás xuntas de goberno, que pasan de 75 a 150 euros, ademais de aumentar a periodicidade, xa que no mandato anterior eran cada 15 días e agora son todas as semanas. Sinala que dos sete concelleiros do equipo de goberno, dous perciben estas retribucións, que supoñen, engadindo as asistencias a plenos e comisións, unha media de 690 euros ao mes para cada un deses dous edís.

Cinco proxectos terán bonificación do ICIO

O Concello de Guitiriz aprobou nun pleno extraordinario, por unanimidade, a aplicación da bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) en cinco proxectos de interese especial ou utilidade pública municipal.

Así, puideron beneficiarse desta bonificación a construción dunha corte de cría e dun esterqueiro cuberto no lugar do Cibreiro (Os Vilares); a instalación dun ascensor no CEIP Lagostelle; a ampliación dunha explotación de vacún de leite e da zona de muxido no lugar da Paderna (La-

A subdelegada felicita á Biblioteca polo seu plan de dinamización

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, visitou a Biblioteca Pública Municipal Casa Habanera de Guitiriz para felicitálos por acadar o premio María Moliner outorgado polo Ministerio de Cultura en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), coa entrega de 2.772 euros. A biblioteca de Guitiriz foi unha das premiadas polo labor que estiveron a facer con actividades encamiñadas á animación da lectura no municipio. A subdelegada, acompañada da alcaldesa, Marisol Morandeira, e a responsable da biblioteca, Ana María Pérez, enxalzou “o traballo indispensable para achegar o arte literario a todos os sectores sociais e a todos os tipos de públicos”.

“A recompensa espero que sirva de empuxe para que a biblioteca siga a funcionar tal e como o viña facendo ata agora e poida mellorar e crear máis actividades na súa misión de promover e promocionar a lectura aos máis de 5.000 habitantes de Guitiriz”.



A subdelegada puxo en valor a importancia das bibliotecas para os núcleos pequenos de poboación, sendo “moito máis que un sitio de lectura”, en referencia a “crear espazos de entretemento, convivencia e lecer de calidade”. Asegurou que “é un orgullo que Guitiriz leve un premio a nivel estatal, un recoñecemento ás cousas que se fan ben, situándose nun lugar destacado e facéndose un oco como centro cultural de referencia para os guitiricenses”.

A biblioteca foi premiada polo seu

proxecto “A biblioteca sen parar, ao teu alcance”, que recolle preto das 50 actividades que teñen como obxectivo a animación da lectura de todos os veciños e veciñas. Este proxecto baseouse en actividades dirixidas a todos os públicos, empezando dende nenos de 4 a 10 anos, público adolescente e máis adulto, co obxectivo de promover os libros a través de actividades, obras de teatro, certames de poesía, exposicións, charlas e presentacións de libros cos autores, entre outras.

AXENDA DO MES

BAILE DOMINICAL. A veciñanza conta o último domingo de cada mes cun baile dominical, unha actividade que regresa ao termo municipal. Ten lugar no soto da Casa Habanera, de 17.00 a 20.00 horas.

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará os días 5, 11 e 12 de decembro no concello. A atención ao público será entre as 9.00 e as 13.30 horas e de 15.15 a 18.00, agás o día 12, que será só de mañá. A unidade estará situada no polígono industrial. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycityv.com.

CESTARÍA. Abre o prazo de inscrición do Curso de Iniciación á Cestería que se levará a cabo desde o 30 de novembro ata o 30 de maio no soto da Casa Habanera. A actividade é gratuíta, pero o alumnado deberá facerse cargo dos gastos do material. O curso desenvolveuse todos os xoves en horario de 16.00 a 19.00 horas. As prazas son limitadas e as persoas interesadas poderán apuntarse ata o 17 de novembro no rexistro o Concello ou a través da sede electrónica.

MASCOTA. Convocado un concurso de deseño para escoller á mas-



cota oficial da Biblioteca Pública Municipal. A proba consiste en deseñar un personaxe ao que lle encante vivir entre os libros e lle entusiasme a lectura, as viaxes e os misterios. No concurso terán a posibilidade de participar os alumnos e alumnas dos centros educativos de Guitiriz. O deseño gañador convertírase na mascota oficial da biblioteca e ademais contará cun cheque regalo valorado en 40 euros para a compra de material escolar ou deportivo. As inscricións para participar estarán abertas ata o 1 de decembro. Os sobres poderán entregarse na Biblioteca Pública Municipal Casa Habanera.

POESÍA. A actividade *Recetas de outono con poesía* mantén aberto ata o 17 de novembro o prazo de participación. As persoas que desexen participar deben elaborar unha receita con algún produto de outono, sacarlle unha foto e pensar un nome para ela e, por último, redactar un poema.



a pastoriza

O Concello convoca de novo as axudas ás asociacións locais

O Concello da Pastoriza convocou as subvencións para a realización de actividades culturais, educativas, deportivas, de comercio e promoción turística e desenvolvemento rural e outras.

Estas bases tramítanse en réxime de concorrencia competitiva sen prexuízo das subvencións nominativas previstas no presuposto xeral.

Estas axudas económicas van dirixidas a asociacións e persoas xurídico-privadas debidamente constituídas e a agrupacións de persoas físicas ou xurídicas todas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento da vida

cultural no concello nas distintas variables, como teatro, imaxe, danza, artes, plásticas, festas tradiccionais e folclore, formación cultura, etc.

Dentro destas subvencións inclúense tamén actividades relacionadas co medio ambiente, a xuventude e a terceira idade e o patrimonio en todas as súas variables. Afectan ás actividades desenvolvidas durante o ano en curso (ata o 30 de novembro).

O Concello disporá de 20.800 euros que se distribuirán en 5.000 para actividades culturais, 3.000 para deportivas, 1.800 para educativas, 5.000 para comercio e promoción

turística, 3.000 para desenvolvemento rural e do sector agropecuario e outros 3.000 euros que irán dirixidos ao resto de grupos.

Cada asociación ou entidade só poderá presentar unha solicitude por un proxecto ou actividade e faise un baremo entre elas para recabar a axuda que se estime oportuna en función das peticións.

A contía máxima que conceda o Concello será de 600 euros para todas as asociacións agás as vinculadas a actividades de comercio e promoción turística, que recibirán un máximo de mil euros.

A Pastoriza dixitaliza os depósitos de auga

O novo Goberno local continúa co proceso de modernización dos depósitos de auga do termo municipal coa instalación de contadores dixitais para a lectura dos consumos. Este sistema permite levar un control da rede de abastecemento da localidade seguindo o exemplo doutros moitos concellos.

Esta nova actuación se contempla para todos os contadores e estase facende de forma paulatina.

Ademais, continúan os labores de limpeza e adecuación de zonas públicas e espazos verdes e nesta ocasión actuaron na parroquia de Vián.

OUTROS TRABALLOS. Ademais, traballadores do Concello continúan co traballo de retirada de niños de velutina que se instalaren en varios lugares das parroquias. Nesta ocasión estiveron en Úbeda, Fonmiñá, Pousada e Bretoña. Anteriormente acudiron a Gueimonde, Bretoña, Vián, Lagoa e á Pastoriza.



Estes niños son perigosos e se está procedendo á eliminación dos mesmos en toda Galicia xa que é unha especie invasora. Ademais, recoméndase á veciñanza que notifique a localización dos mesmos para que expertos procedan á súa retirada. O Concello seguirá levando a cabo esta labor noutras parroquias. Por outra banda, a brigada municipal e traballadores municipais fixeron labores de desbroce no castro de Saa en Baltar onde están escavando os arqueólogos.



MULLER RURAL. Por quinto ano consecutivo, co gallo do Día Internacional da Muller Rural, o Concello da Pastoriza deu a coñecer a fotografía gañadora da quinta edición do concurso de fotografía. A foto é de Eva Gacio, que retratou á súa filla nun dos momentos dos labores na granxa.

EN BREVE



VIOLENCIA DE XÉNERO. O Concello da Pastoriza vén de convocar o primeiro Concurso de imaxes contra a violencia de xénero, que se desenvolverá con motivo da celebración do 25N. O prazo de participación abre o xoves 9 de novembro e prolongarase ata o día 15. As persoas que o desexen poderán enviar a igualdadepastoriza@gmail.com un debuxo ou fotografía con frases ou lemas contra a violencia de xénero. O 16 publicaranse todas en Facebook e serán os visitantes da rede os que votarán, ata o 21 de novembro, a imaxe que máis lles gusta. O premio é unha fin de semana para dúas persoas nun spa.

RUTA DAS TAPAS. A Pastoriza volverá celebrar este ano a ruta das Tapas, que chega a súa IX edición, a fin de semana do 24 e 25 deste mes, organizada pola asociación de comerciantes local, Asapa. Nesta ocasión xa está confirmada a participación de cinco locais, 3 de Pastoriza (Xarope, Brétema e a Casa da Cultura), ademais de Taberna Germán da Reigosa e Carrizal da Regueira. A asociación avanzou esta cita pero desenvolverá o programa en próximas datas aínda que xa avanzou que o horario será o venres e o sábado pola tarde noite.



Calle Cospeito, Vilalba

Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 70m²

82.000€

En Vilalba (Lugo), en el edificio que hace esquina entre la Avda. Tierra Llana y la calle Cospeito ofrecemos en venta un apartamento totalmente amueblado de dos habitaciones, sala, cocina y baño. Dispone de calefacción, garaje, trastero y ascensor.

Avenida de Galicia, Vilalba

Local | 50m²

51.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un local en planta de calle, totalmente instalado, en el que hay dos despachos, una sala de espera, un archivo y un baño.

Emigración, Vilalba

Casa / Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 164m²

100.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta vivienda unifamiliar, adosada, distribuida en dos plantas, en las que hay 4 habitaciones y sala, dos baños (uno en cada planta), cocina y un trastero. Dispone de calefacción de gas ciudad.

De la Pravia, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 3 Baños | 210m²

95.000€

En Vilalba (Lugo), se vende piso muy céntrico, de 197 metros cuadrados, con vistas sobre la alameda de la localidad. Se vende tal y como aparece en las fotos, para que lo termine el comprador a su gusto. Cabe incluso, dado el tamaño del piso, segregarlo en dos.

Campelos, Vilalba

Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m²

350.000€

En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajo cubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos.

Placido Peña, Vilalba

Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 2 Baños | 202m²

70.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta una vivienda unifamiliar con terreno. Está reformada en parte y se divide en planta baja, planta primera y planta bajo cubierta. El suelo del piso esta puesto completamente nuevo.

Alcalde Fraga Bello, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 1 Baño | 105m²

56.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso de cuatro habitaciones y sala, un baño y cocina. Se trata de un segundo sin ascensor. Dispone de un trastero en el bajo cubierta.

Calle de Galicia, Vilalba

Piso | 2 Dorm | 2 Baños | 71m²

70.000€

En Vilalba (Lugo), se vende apartamento céntrico, de dos dormitorios y sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas ciudad, ascensor, garaje y trastero.

Carrizo s/n, Vilalba

Casa / Chalet independiente | 4 Dorm | 3 Baños | 280m²

110.000€

En la parroquia de Santaballa, (Carrizo), a unos cinco kilómetros de Vilalba (Lugo) y a medio kilómetro de autovía Ferrol- Vilalba, se vende chalet en construcción para ser terminado por el comprador, con fachada en piedra, de unos 280 metros y con una finca de 3.100 metros. Se encuentra cerca de la charca del Alligal y del Hotel Spa Ática.

Calle de Galicia, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 115m²

127.000€

En Vilalba (Lugo), se vende piso muy céntrico, a estrenar, de 4 habitaciones, sala, dos baños equipados y cocina. Dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)

Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)

Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es



MAQUINARIA. O Concello conta xa con nova maquinaria, trátase unha mini pa destinada a actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural financiada polo Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia. Á entrega asistiu o alcalde, Roberto García; o tenente de alcalde, José Prieto; Manuel Pérez, da Deputación de Lugo, e a representante da empresa adjudicataria Transfaya.

Adxudicado o contrato do inventario de camiños

O Concello adxudicou o servizo de elaboración do inventario de camiños á empresa Procat Ingeniería y Medio Ambiente, SL, que acadou unha puntuación de 7,03 puntos, consonte á oferta presentada, de 14.800,00 euros e 3.108,00 de IVE. A adxudicataria reduce dous meses o prazo de execución e ademais ofrece varias melloras como a xeorreferenciación do catastro histórico dos anos 90, a xeorreferenciación das concentracións parcelarias, a xeorreferenciación dos planos realizados polos técnicos municipais e a formación do manexo do sistema

de información xeográfica (XIS) de software libre.

O proxecto dividirase en dúas fases, comezando na primeira pola elaboración do documento para aprobación inicial. Realizarase unha recompilación de documentación, a delineación de camiños susceptibles de seren municipais e as resolución de dúbidas, modificacións, envorcado de datos, instalación do proxecto XIS e impresión de documento para a aprobación inicial. A adxudicataria comprometeuse a realizar os traballos no prazo de oito meses.

Comezan as obras da depuradora do Campo da Feira nas próximas datas

O alcalde, Roberto García, anunciou o inicio das obras de forma inminente da depuradora de Momán que se prevé que estean rematadas no ano 2024. A Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello asinaron un convenio de colaboración o 7 de outubro de 2021 para o financiamento, execución e entrega das obras de saneamento e depuración para o núcleo do Campo da Feira.

O Concello comprometeuse a adquirir os terreos necesarios para a construción da depuradora, e a tal efecto

comprou as oito parcelas necesarias para situar a infraestrutura, investindo un total de 6.874,50 euros.

A Confederación remitiu a segunda addenda para o reajuste de anualidades inicialmente previstas, que foron aprobadas en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Deste modo, a Confederación Hidrográfica aportará un total de 256.000 euros a esta obra e o Concello de Xermade fará o propio cun valor de 64.000 para un total de 320.000 euros de orzamento.

A Deputación cede ao Concello de Xermade dous treitos da rede vial

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou xunto ao alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, a cesión da institución provincial ao Concello de dous tramos en bo estado da rede viaria provincial. Trátase da estrada LU-P-2202, de Pedreira a Casanova, entre o punto quilométrico 1,220 e 1,920, e a LU-P-2215, de Roupar á Torre, dende o comezo ao punto quilométrico 0,082.

Esta sinatura chega tras o acordo plenario celebrado este ano e beneficiará ao centenar de veciños e veciñas de Roupar ao incorporarse ambos tramos ao patrimonio viario municipal. Tomé Roca destacou a importancia destes acordos que demostran o compromiso do goberno da institución provincial cos concellos da provincia e a súa veciñanza. Ademais, nesta zona estanse a levar



a cabo traballos para a creación dun parque infantil financiado pola Deputación de Lugo a través do Plan Único cunha achega de preto de 60.000 euros.

Dentro desta liña de colaboración, a institución provincial destinou dende 2019 máis de 3 millóns de euros a Xermade, no que se inclúen a construción deste espazo de lecer en

Roupar. Unha das actuacións máis destacadas foi a renovación da LU-P-2204, de Momán ás Pontes, cun investimento total que suma 1,5 millóns. Acometéronse tamén melloras nun cento de vías municipais, accesos como o do campo de fútbol de Momán e a renovación de beirarrúas en Roupar e Momán, entre outras actuacións.

AXENDA DO MES

MAGOSTO. Os veciños de Momán, no concello de Xermade, organizan o seu propio magosto o vindeiro 18. A cita comezará ás 17.00 horas no pavillón municipal. A sesión vermú contará coa actuación da disco móbil, que tamén actuará pola tarde. O menú contará con callos, carne ó caldeiro, sobremesa, castañas asadas, café e *chupito*. Tamén se organizará o gran campionato de tute con trofeo e agasallos para os tres primeiros clasificados. As entradas poden adquirirse no restaurante Tino, na parrillada Casablanca, no restaurante O Paso de Candamil ou a través dos membros da asociación antes do 14 de novembro.

SETADA. Os veciños de Xermade teñen unha cita o vindeiro 11 de novembro. A asociación de veciños de Cabreiros organizan a súa setada. A cita comezará ás 14.30 horas na Casa Escola de Cabreiros. O menú inclúe empanada de setas, paella con setas, carne asada con setas, sobremesa, café e gotas. Aínda que todos os pratos inclúen setas, quen non poida comelas pode avisar no momento de anotarse para facer



o menú sen elas. Os interesados poden adquirir o ticket, que ten un prezo de 20 euros para os socios e de 25 para os non socios, poñéndose en contacto con calquera membro da directiva.

INVERNADA DE CINE. A casa escola de Cabreiros continúa coa Invernada de Cine, que este ano chega á súa undécima edición. A seguinte sesión, prevista para o 18 de novembro, será un concerto coa actuación de Xoán Goía. O cine volverá o 2 de decembro coa película *Un franco, catorce pesetas*.

Modernizan a rede municipal de auga coa instalación de contadores

A empresa APEX Sistemas SL está executando o contrato de subministración de contadores de telelectura no municipio de Xermade, segundo o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica municipal.


A modernización e mellora da rede municipal de abastecemento de auga pasa pola colocación de 3 contadores na rede en alta á saída dos depósitos de Candamil, Roupar e Cabreiros e 220 contadores na rede en baixa de consumo individual con telelectura vía radio sistema Wireless MBUS OMS nas parroquias de Burgás, Candamil, Roupar e Xermade.

O presuposto de execución material da mellora da rede de abastecemento de auga potable ascende á cantidade total de 41.571,90 euros. Incrementado este co 21% correspondente ao IVE, resulta un presuposto de execución por contrata de 50.302,00 euros.

As actuacións deben estar executadas o 15 de novembro de 2023, ao estaren financiada cunha axuda de 46.000,00 euros.

CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS
 R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20 (O Ramal) Rábade
 Telf. 982 871 103
URXENCIAS 24 HORAS

gato con botas
 zapatería
 C/ Plácida Peña, 8 - Baño
 27800 Vilaño (Lugo)
 Telf. 982516550



A Deputación comprará os terreos que rodean á depuradora de Moncelos

A Deputación, a cargo do Plan Provincial Único, vai adquirir dúas parcelas, a 267 e 434 do polígono 156 anexa á depuradora de Moncelos, no lugar de Redemuíños, na parroquia de Moncelos, por importe total de 4.512 euros, segundo informou o partido socialista de Abadín.

A necesidade da adquisición é debido a que o Concello de Abadín dispón dunha depuradora municipal

situada no lugar de Redemuíños, na parroquia de Moncelos, desta forma é importante que esta instalación pública estea rodeada de terreos públicos, permitindo así o acceso e mantemento da mesma sen necesidade de atravesar propiedades privadas e dotándoa de terreos anexos que permitan a súa futura ampliación ou instalación de nova dotación pública.

O Concello recibe unha achega para comprar un vehículo

A Consellería de Política Social e Xuventude concedeu axudas por importe total de 302.000 euros a oito concellos lucenses para adquirir vehículos de emisión 0, eco ou de etiqueta C verde para o seu uso por parte dos servizos sociais municipais. Están dirixidas a municipios de menos de 10.000 habitantes. O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a resolución da convocatoria, que na

provincia de Lugo beneficia ao Saviñao, Quiroga, Abadín, Palas de Rei, Monterroso, O Vicedo, Becerreá e Negueira de Muíiz.

A contía máxima da achega económica é de 40.000 euros por vehículo. Os concellos poderán solicitar un anticipo do 80% da axuda concedida, co fin de facilitar que conten con liquidez suficiente para facer fronte á compra do transporte.

Aprazada ao 18 a Feira de Santos polo temporal

Con todo preparado, e debido ás alertas por temporal previstas para a primeira fin de semana de novembro, o Concello de Abadín decidiu aprazar a celebración da Feira de Santos, que terá lugar finalmente o día 18 deste mes.

Este ano haberá de novo concurso de gando no que se premiarán as mellores reses equinas e bovinas e onde se repartirán un total de sete premios de cen euros. A entrega está prevista para as 14.00 horas.

Distinguirase o mellor exemplar bovino, mellor cría bovina, mellor cría equina, maior número de cabezas de gando bovino e equino ou mellor exemplar equino de silla.

Non faltarán os postos de comi-



da de polbo e churrasco e os expositores de diversos feirantes e artesanía. Rematará a festa cunha verbena pola noite.

Isabel Risco actúa para a cativada de Abadín o día 22

O Concello, con motivo da celebración do Día Internacional contra a violencia de xénero, organizará o espectáculo *Nabiza Girl*, a cargo da actriz Isabel Risco.

Trátase dun espectáculo onde coñecemos a Chelo García Naveira, máis coñecida como Nabiza Girl, unha superheroína rural galega con denominación de orixe protexida e poderes que proveñen do sulfato.

Este evento terá lugar o día 22 de novembro, no Salón de Actos Municipal, ás 11.30 horas.

O PSOE reclama ao alcalde que cumpra co compromiso de facer unha residencia

Os socialistas reclaman ao alcalde que cumpra co seu compromiso de construír unha residencia de maiores no municipio. "Hai máis de tres anos que este grupo presentou unha proposta para levar a cabo a construción dunha residencia da terceira idade no noso concello, algo moi demandado e moi necesario para os nosos veciños e veciñas dende hai moitos anos", expuxo o socialista. Díaz lamentou ter que solicitar un Pleno extraordinario para abordar o asunto, "o que demostra o nulo interese do equipo do goberno do PP para a súa creación".

Explicou o socialista que en xullo do 2021 o alcalde anunciou que o concello ía crear unha residencia de maiores "no prazo de menos dun ano e que o custo da obra, que sería financiada polo Concello, acadaría o 1,5 millóns de euros".

OBRA DA RÚA FANEGO ROJO



Coas aportacións do Plan Único da Deputación o Concello de Abadín rematou a obra da rúa Fanego Rojo. O proxecto consistiu na humanización da vía, poñendo toda ao mesmo nivel e utilizando un material similar ao empedrado para cubrir toda a zona de tránsito. Con esta medida tamén se evitan as barreiras arquitectónicas e se facilita o paso. As obras chegaron ao final coa colocación dos bolardos, que contan con escudo do concello.

VIII FEIRA DO MEL de montaña

19 novembro
VIVEIRÓ_MURAS



Regresa a Muras o día 19 a popular Feira do Mel de Montaña

A Feira do Mel de Montaña de Muras volve a fin de semana 18 e 19 de novembro cunha nova edición. A que será a VIII edición da feira e a VII da cata terá actividades para todos os públicos e tamén o tradicional concurso.

Así, o sábado dará comezo o programa precisamente co concurso da calidade do mel, ás 17.30 horas, no colexio do Viveiro coa participación de empresas apícolas de Muras.

Seguirá o relatorio do apicultor Miguel Vélz co título Invernada das abellas, a partir das 20.00 horas. Nunha carpa no colexio está prevista unha degustación de liscos a partir das 21.30 horas, animada polo dúo Pedriñas.

O domingo será a vez da feira, que se iniciará ás 10.00 horas coa apertura de postos. Como outros anos, non só haberá produtores de mel, tamén se sumarán outros produtos de tempada.

Haberá un obradoiro de cera a cargo da asociación Casa do Mel



de Goente pola mañá e outro, pola tarde, para os máis pequenos, sobre cociña, que estará a cargo de Espacio Vivo. Non faltará un showcooking con Lucía Freitas, que conta cunha estrela Michelin. Será ao meiodía, antes do xantar.

A celebración rematará coa entrega de premios do concurso da cata do mel, ás 19.00 horas, pero durante todo o día haberá pasarrúas e música en directo.

Malestar entre a veciñanza pola paralización dos acordos no Pleno

A veciñanza de Muras non parece estar moi satisfeita coas decisións que se están tomando no consistorio xa que estas quedan paradas por falta de acordo. Esta situación comezou a elevar críticas na poboación, moitas delas desde o propio sector socialista, que quere que a localidade “siga avanzando” para o que é necesario o apoio ao Goberno en minoría.

O equipo que encabeza de novo o nacionalista Manuel Requeijo xa sabía que no o ía ter fácil. Nas últimas eleccións logrou unha maioría que non lle permitía gobernar en solitario, e a nova concelleira socialista, Jennifer Gómez, a única que saíu das urnas, non foi a entrar no Goberno, tal e como fixera o seu antecesor no partido, Mario Rouco.

E mentres nunha gran parte dos concellos da provincia e tamén de Galicia PSOE e BNG achegaban posturas para formar gobernos de esquerdas, favorecendo a Alcaldía para os socialistas, non pasaba así en Muras. Malia que o PSOE facilitou a distinción

de Requeijo como alcalde, fíxoo coa abstención, “o que non se entende tampouco como apoio”, comentara o alcalde naquelas datas.

O concello de Muras conta actualmente con sete concelleiros, tres son do BNG, a lista máis votada, 3 do PP e 1 de PSOE. Este mesmo reparto levaba xa dúas lexislaturas pero agora a falta de entendemento entre as forzas de esquerdas levou a unha situación de bloqueo. A primeira parada foi a remuneración do alcalde. A súa aprobación foi levada a pleno en varias ocasións e non logra saír adiante malia as modificacións propostas por Requeijo.

A negativa a aprobar esta xerou un importante conflito que a poboación tampouco ve ben. Son moitas as voces que se alzan en contra deste “desgoberno”, algunhas delas afines ao partido da rosa, que non ven con bos ollos “este bloqueo que o único que fai e traer consecuencias para os veciños”, relatan algúns.

Simpatizantes do PSOE amosaron o

seu descontento con esta situación alegando que “o alcalde, sexa do partido que sexa, ten que cobrar por estar aí, se queremos que Muras siga mellorando”. “Despois destes oito anos de progreso é unha vergoña deixar que pase isto”, afirma unha simpatizante socialista que recoñece “que hai cousas coas que podemos non estar de acordo ou que nos gustaría que se fixeran doutro xeito, pero hai que deixar gobernar”.

Un dos veciños avanzou que esperan que se faga unha reunión dos socialistas do municipio para intentar atopar unha vía de solución a este conflito “que non pode seguir así, non todos queremos este bloqueo”. Esta situación xera tamén un clima de malestar entre a veciñanza, que non aproba tampouco este intercambio de opinións e acusacións “que non benefician a ninguén, só ao Partido Popular, que ve como os que deberían ser afines pelexan entre eles”, conclúe unha veciña do sentir da esquerda.



Comezan as obras no colexio e de mellora da traída de auga a San Pedro

O Goberno local de Muras deu comezo ás obras de mellora do CEIP Antía Cal de Muras, logo de non conseguir o apoio da Xunta para acometer ditas obras. Estas consisten no amaño da cuberta e das baixantes ademais de mellorar os peches de fiestras e portas, entre outras necesidades.

Actualmente cursan estudos quince escolares de entre cero e once anos no colexio Antía Cal de Muras. O Concello de Muras tiña enviado á Consellería de Educación un informe no que daba conta dos problemas

que ten o CEIP e reclamaba a mellora das mesmas. O Concello realizou tamén no centro unha serie de mellores na zona de Educación Infantil, xa que se pintou a aula e se lle deu un cambio de imaxe. En anos anteriores o Concello fixo outras obras, como o cambio da caldeira para pellets e a adaptación dos baños.

Por outra banda, tamén deron comezo as obras de mellora da traída de auga na Costa de San Pedro. A reparación consistirá no cambio de tubaxe para evitar filtracións e mellorar o servizo.

Supervisan a obra de humanización do Campo da Feira do Viveiro



O presidente da Deputación, José Tomé Roca, xunto ao alcalde, Manuel Requeijo, supervisou o avance das obras de humanización do Campo da Feira do Viveiro, ás que a institución provincial destina 400.000 euros, o que representa o 93% do orzamento total necesario para acometer a actuación.

O mandatario provincial e o rexedor comprobaron que os traballos están na fase final, pois nestes momentos estase acondicionando a LU-P-3402, que é a vía de acceso á contorna do Viveiro. Polo tanto, se as condicións meteorolóxicas o permiten, o Campo da Feira estará renovado para a Feira do Mel.

Con estas obras de renovación

recuperarase o campo da feira orixinal reordenando os usos e humanizando o entorno. Contará cun acabado de formigón lavado, con bandas lonxitudinais de pedra de 10 centímetros de ancho, e as estradas provinciais de acceso, a LU-P-3402 e a LU-P-6502, quedarán delimitadas coa plantación de arborado.

O proxecto inclúe a renovación das redes de pluviais e saneamento, alumeados públicos, abastecemento de augas, enerxía eléctrica e telecomunicacións. Ademais, plantaranse un total de 23 árbores e transplantaranse 3 existentes ademais de completar a obra con mobiliario urbana.

Abre o prazo para anotarse no obradoiro Terras do Sor

Xa está aberto o prazo para anotarse no obradoiro dual de emprego Terras do Sor VII, no que participarán os concellos de O Vicedo, Ourense e Muras, con sede no primeiro.

Estes obradoiros son de formación en alternancia coa práctica e teñen unha duración de 12 meses dirixidos á aprendizaxe, cualificación e adquisición de experiencia profesional. Este ano a Muras concedéronlle 2 prazas para carpintería e 2 para coidades no fogar.

Cómpre estar anotado no SEPE (Viveiro). Os cursos teóricos danse no Vicedo e as prácticas repártense polos concellos participantes, Ourense, O Vicedo e Muras. No caso de Muras os traballos de carpintería serán: aplicar antifungos e antixilofagos no mobiliario urbano ademais de imprimación protectora + fabricación de porta corredeira + fabricación de 150 cadeiras pregables. Tamén traballarese na residencia de anciáns Betania de Viveiro.

Desde o inicio o alumnado-traballador será contratado pola entidade promotora na modalidade de contrato para a formación en alternancia, polo que percibirá unha retribución equivalente ao 100% do salario mínimo interprofesional incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

O Goberno local elimina vertedoiros incontrolados



Rábade, coa colaboración da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e por medio da empresa Tragsa, realizou traballos de eliminación dos vertedoiros incontrolados que existen no municipio.

O equipo de Goberno supervisa estas actuacións, que como recoñece a alcaldesa, Reme González, “supoñen un gran esforzo ante a irresponsabilidade dalgunhas persoas que non se implican no coidado dos espazos

naturais”.

Desde o Concello de Rábade recordan que existe un servizo de recollida de refugallos unha vez ao mes chamando para pedir cita previa ao número 981 619 120.

Precisan ademais que están a levar a cabo máis actuacións para conseguir un “Rábade máis limpo”, de maneira que á recollida do lixo se sumou un servizo de limpeza das rúas a través de brigadas que se ocupan destes traballos.

Colocan a pedra no chan da praza de España



Continúan a traballar nas obras de recuperación do espazo da Praza de España “que estaba completamente abandonado e que non podía ser usado polos veciños e veciñas debido ao seu mal estado”, segundo explicaron desde o Concello.

Os operarios colocaron a pedra do chan, despois de levar a cabo outros traballos previos.

Segundo indica a alcaldesa, Remedios González, “a partir de agora será un espazo accesible, que

deixará atrás unhas instalacións obsoletas e mal coidadas que nos obrigaron a facer unha actuación de emerxencia en canto obtivemos os permisos pertinentes”.

Así, o Goberno local ten como obxectivos a eliminación do vertedoiro no que se tiña convertido a antiga fonte, repoñer as árbores orixinais, magnolios, e a iluminación con farois de fundición, ao tempo que recuperará a zona como espazo público para uso e disfrute dos veciños e veciñas.

EN BREVE

PORTA A PORTA. O Concello, en colaboración coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, informa de que nos días 20, 21 e 22 de novembro estará na rúa López de Vega, diante do centro de saúde, unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta. Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283 ou no correo coidadosportaaporta.politica-social@xunta.gal.

FÚTBOL. A alcaldesa, Remedios González, e os concelleiros Luis Novo e Carlos González mantiveron unha xuntanza de traballo con Manuel Castro Núñez, delegado provincial da Real Federación Galega de Fútbol. O encontro ten por obxectivo chegar a acordos de cooperación entre o Concello de Rábade e a Real Federación Galega de Fútbol para a realización de actividades deportivas no municipio.

PROXECCIÓN. O venres 10 ás 20.30 horas na Casa das Insuas proxectarase a película-documental *El bosque salvaje de Pardomino*. Contarán coa presenza do director, realizador e produtor da película-documental, Carlos Rodríguez, e haberá un coloquio ao rematar a proxección. A actividade é de acceso libre pero é preciso inscribirse no centro.

DEFENSA PERSOAL. Con motivo do 25N, terá lugar un curso de autodefensa para mulleres ante situacións violentas. O curso vai ser impartido por un especialista da Federación Galega de Loita. A actividade será no Centro Sociocultural de Rábade os días 27 de novembro e 1 de decembro de 10.00 a 14.00 horas.

O Concello proxecta melloras na rúa Vilalba



A vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, reuniuse coa alcaldesa de Rábade, Remedios González, para avaliar iniciativas para desenvolver proxectos de humanización na localidade e en materia de solo industrial.

Durante o encontro a alcaldesa informou á vicepresidenta segunda do proxecto municipal para levar a cabo unha actuación na avenida de Vilalba co obxectivo de humanizar as beirarrúas e os espazos comúns. Nesa liña, Ángeles Vázquez explicou á rexedora a posibilidade de que este proxecto encaixe nos

obxectivos do chamado plan Hurbé, unha iniciativa impulsada que ten como finalidade axudar ás administracións locais a financiar este tipo de actuacións que inciden de forma positiva na calidade de vida da veciñanza. Así, de ratificarse a colaboración, a Xunta financiaría o 70 % da actuación e o concello asumiría o 30 % restante.

A maiores, na reunión, tamén analizaron a situación das empresas que se localizan fóra do polígono industrial. Neste caso, estudaron a posibilidade dunha modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Ana Cabanes crea unha mostra de artistas no rural

A artista local Ana Cabanes Fontao puxo en marcha unha iniciativa coa que pretende achegar a arte a contornas rurais. En concreto, a moza afincada en Rábade foi seleccionada pola iniciativa Nomes propios para levar a cabo diversas exposicións urbanas de artistas emerxentes vinculados a Galicia por diferentes puntos da xeografía galega, un deles no concello de Rábade.

En concreto, no caso de Rábade, Ana Cabanes foi a encargada de colocar cinco traballos de artistas emerxentes nun espazo público de libre acceso para os veciños e veciñas, como é o exterior da estación do tren. Deste xeito, explica, “levamos a obra ao espectador, sen a necesidade de que teña que achegarse a un museo”.

As obras, tanto escultóricas como de pintura, da artista que forman parte do proxecto Nomes propios pódense ver nos concellos de Santa Comba e A Guarda. Os cinco traballos que poden verse na estación de tren de Rábade son propostas doutros artistas galegos que, coma ela, buscan achegar a arte a contornas rurais.



ebos
El Bosque Salvaje de Pardomino

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60

ALÉN

O BNG reclama á Xunta o arranxo de humidades no centro de saúde

O BNG presentou unha moción de urxencia para que se arranxe dun xeito definitivo as humidades existentes dende hai máis de cinco anos nunha consulta de atención primaria no Centro de Saúde de Outeiro de Rei.

“Hai que ter en conta que é unha parede completa, a que dá ao exterior, e que esas humidades son unha fonte de fungos que son prexudiciais para a saúde, o que afecta dun xeito moi importante tanto ás profesionais que teñen que estar nese ambiente moitas horas cada día como ás propias persoas enfermas, as cales moitas delas van á consulta con problemas respiratorios, de alerxias, inmunodepresión ou calquera outro tipo de patoloxía, para as cales ese



ambiente pode ser moi prexudicial. Todo iso fai que ese local, se non se lle dá unha solución, non sexa un local apto para traballar en calquera actividade, pero moito máis cando se trata dunha consulta médica”, explican desde o BNG. Segundo indican, en repetidas oca-

sións, ano tras ano dende hai máis de cinco anos, o alcalde se comprometeu a solucionar o problema. Ata o propio conselleiro de Sanidade cando visitou o centro “tomou nota”. “Non só non se fixo nada, senón que o problema segue a ser aínda máis grave cada día que pasa”, din.

EN BREVE

BANDEIRA VERDE. Outeiro de Rei foi un dos 18 concellos galegos que recibiu de novo a Bandeira Verde, un distintivo que ten por obxecto enlazar as boas prácticas ambientais e de protección e conservación da paisaxe. A concesión deste recoñecemento supón ademais un mérito para a obtención de subvencións en materia de patrimonio natural. E, como novidade desta edición, tamén terase en conta para a obtención de axudas económicas en materia de residuos para construír e mellorar puntos limpos fixos, implantar instalacións móbiles ou impulsar proxectos de reutilización.

PORTA A PORTA. O Concello, en colaboración coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, informa de que nos días 17, 20 e 21 de novembro estará na estrada Nacional VI, ao lado do PAC e o Soborvila, unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta.

ACELERA PEMES. Este xoves 23 de novembro, o concello de Outeiro de Rei contará coa presenza da Oficina Móbil do programa Acelera Peme, posto en marcha pola Deputación de Lugo para os autónomos ou propietarios dunha peme que precisen impulsar a dixitalización do seu negocio. Estarán a partir das 12.30 horas na praza do Concello.

Xesús Xosé Iglesias González gaña o concurso musical



Falan uns campesiños aos que lles expropiaron as terras, da autoría de Xesús Xosé Iglesias González, composta sobre o poema homónimo de Manuel María, foi a canción lírica, para voz e piano, que resultou gañadora da segunda edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais celebrada cunha gala-concerto, na Casa-Museo Manuel María, en Outeiro de Rei.

O autor que levou un premio de mil euros en metálico, verá a súa composición editada, xunto as obras das outras finalistas, nunha publicación que será distribuída gratuitamente por todos os conservatorios de música de Galicia para que poida ser empregado como material didáctico.

A gala-concerto contou coa pre-

senza da soprano Esperanza Mara e o pianista Juanma Varela que interpretaron nunha primeira parte as cancións finalistas *Tes un brillo amortecido* de Teo Montero Rey; *Baladiña do salouco confidente* de Manuel Tizón Díaz; *Lembranza da Lagoa de Cospoito* de Brais González Pérez, e *Soños no meu fogar* de Gerald David Vázquez Fernández. E nunha segunda parte presentaron en concerto unha serie de cantigas e melodías galegas da compositora galega Eugenia Osterberger, figura salientable no mundo musical e cultural de Galicia do último terzo do século XIX.

O gañador desta edición, Xesús Xosé Iglesias González, mora en Salvaterra do Miño, e é profesor de composición no Conservatorio de Música de Ourense.

En licitación, o proxecto da nova depuradora



Xa está licitada a redacción do proxecto da nova depuradora, que a Xunta deseñará co obxectivo de acadar a súa neutralidade enerxética. Esta infraestrutura trata de atallar os problemas de depuración na actual planta de tratamento, construída hai máis de 20 anos, e que unicamente ten un tratamento físico-químico. O contrato para a redacción do proxecto construtivo da nova depuradora suporá un investimento da Xunta de 242.000 euros e as empresas interesadas, teñen de prazo ata o 17 de novembro para presentar as súas ofertas. A partir de aí, continuarase cos trámites administrativos, avaliación de ofertas, adxudicación e

sinatura do contrato, que recolle un prazo de 10 meses para a redacción do proxecto.

O obxectivo é que o proxecto estea redactado a finais do ano que vén e, unha vez sexa supervisado polos técnicos de Augas de Galicia e aprobado poder iniciar a contratación das obras da depuradora.

A actual depuradora está situada preto da área recreativa de Santa Isabel, nunha zona próxima aos ríos Miño e Ladra, polo que é frecuente que sufra inundacións, chegando o nivel da auga a superar a cota do recheo existente. Proponse para executar a nova depuradora unha parcela anexa á prevista inicialmente.

O xulgado condena a Capsa a actualizar os salarios dos traballadores

A CIG e o comité veñen de gañar o conflito colectivo presentado contra Corporación Alimentaria Peñasantá SA (Capsa) pola negativa da empresa a aplicar a revisión salarial conforme ao IPC real, de acordo co establecido no convenio colectivo da planta da Robra.

A FGAMT-CIG agarda agora que a empresa cumpra dunha vez o seu propio convenio colectivo e aplique de inmediato a suba dos soldos.

O comité (con representación única da CIG) xa solicitou unha reunión coa dirección para tratar cando e como procederá á revisión económica e coñecer a vontade da empresa neste sentido, xa que o incremento debe aplicarse a todos os conceptos salariais anuais na diferenza co IPC real de 2022. Isto é, ademais dunha suba do 3,8%, os traballadores e traballadoras tamén cobrarán os atrasos xerados dende o 1 de xaneiro de 2023. “A resolución xudicial desmonta to-

dos os argumentos de CAPSA, non deixando dúbida de que a revisión salarial haina que facer calculando a diferenza entre o incremento anual acordado e o IPC real, como vía para garantir o mantemento do poder adquisitivo”, subliña Christian López Carmona, secretario da FGAMT-CIG de Lugo-A Mariña.

Lembra ademais que esta cláusula de revisión está pactada en convenio para os anos 2022 e 2023, polo que dentro duns meses tocará proceder á actualización salarial conforme ao IPC real de 2023.

Por iso, agarda que a empresa (que comercializa marcas tan coñecidas como Larsa e Central Lechera Asturiana) non interpoña recurso e opte polo cumprimento do pactado e recoñecido na sentenza, “apostando así por recuperar a paz, normalizar as relacións laborais e recuperar a confianza perdida, sobre todo na perspectiva da próxima negociación do novo convenio colectivo”.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
Transformacións agrarias
Desbroces e plantacións de montes
Servicio de podas
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



DEPUTACIÓN

Os orzamentos do próximo ano ascenderán a 116 millóns de euros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou no Parlamento de Galicia as liñas estratéxicas dos Orzamentos da institución para o ano 2024, uns presupostos “realistas, útiles e sociais” que ascenderán a 116M€, o que representa un 5% máis ca neste ano.

O Goberno provincial está elaborando as contas coa previsión de aprobalas en Pleno neste mes de novembro para que así poidan entrar en vigor a primeiros de ano. Cooperación, políticas sociais, mobilidade e apoio aos sectores produtivos son as grandes liñas estratéxicas dos Orzamentos da Deputación de Lugo para o vindeiro ano 2024, concretou o presidente. En canto a cooperación, José Tomé incidiu en que a Deputación de Lugo transfere cada ano o 20% do seu Orzamento aos 67 concellos da provincia, “segundo criterios públicos e obxectivos, e cun respecto máximo á autonomía municipal, pois son os propios concellos os que deciden libremente a que fins destinan os recursos económicos que reciben”. Ademais, este Goberno introduciu medidas para que os concellos poidan aproveitar mellor os fondos.

Xunto aos recursos económicos, a Deputación de Lugo ofrece asistencia técnica a todos os concellos que así o requiren en materia xurídica, urbanística, en xestión e cobro de impostos municipais, en recursos humanos ou en formación, entre outras cuestións, co que aforran miles de euros e gañan eficacia.

O presidente anunciou que, de



cara ao ano 2024, ademais de manter as 9 residencias en servizo, o que supón un investimento duns 6M€, “continuaremos traballando noutros 9 proxectos, para completar así os 18 compromisos adquiridos pola institución cos concellos”. Concretou que están en obras as residencias de Guitiriz e da Pontenova, que, avanzou, se abrirán neste mandato; recentemente firmouse o contrato para iniciar a construción do centro da Pobra do Brollón, e avanza os proxectos de Becerreá, Oulol, Cervantes, Pantón, Portomarín e Folgoso do Courel.

O presidente destacou o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar por parte da Deputación nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia -todos menos a capital-, atendendo ás necesidades dos propios concellos”.

No ámbito das políticas sociais, José Tomé destacou que no vindeiro ano 2024 “avanzaremos nun proxecto moi importante para a provincia en colaboración co Goberno de España”, como é a cons-

trucción dun Centro de Acolida de Protección Internacional nas instalacións do antigo Hospital de San Rafael, en Castro de Rei, propiedade da Deputación de Lugo.

Entre outras medidas en materia social de cara ao 2024, o presidente destacou E Para Vivir... a Provincia de Lugo, un plan de acción con medidas específicas fronte ao reto demográfico, para ofrecer un apoio integral ás persoas que decidan trasladarse a vivir a concellos de menos de 5.000 habitantes.

Como “factor clave para o equilibrio territorial e, polo tanto, para fixar poboación”, José Tomé expuxo que a mobilidade é outras das liñas estratéxicas dos Orzamentos 2024 da Deputación. Dedicalle o 30% dos recursos, entre as actuacións na rede viaria provincial e a cooperación cos concellos para a mellora das estradas municipais. Avanzou que seguirá “reivindicando a necesidade de racionalizar esta situación” e que a administración autonómica asuma a titularidade de estradas de características claramente autonómicas.

Esixe ao Goberno galego un plan autonómico de loita contra a velutina



A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que actúe xa e active un plan autonómico de control da velutina, así como unha liña de axudas para compensar aos apicultores e outros produtores do sector primario afectados, e frear o grave impacto que está ocasionando esta especie invasora. O Goberno provincial sacou desta forma adiante a súa proposta para reclamar ao Executivo autonómico medidas para paliar a expansión dos avespeiros, como están facendo outras comunidades autónomas como Asturias, Navarra ou Illas Baleares. O PSdeG e do BNG votaron a favor, mentres que o PP votou dividido: 10 abstencións e 2 en contra.

A voceira socialista do Goberno provincial e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, explicou que a “crise da velutina é unha crise xerada durante os mandatos do PP na Xunta e, neste caso, non poden aludir nin a herdanzas recibidas, nin ao tipo de escusas

que empregan habitualmente para agochar a súa mala xestión”. Cronoloxicamente, concretou, a expansión da velutina en Galicia coincide cos anos de Goberno do PP na Xunta, “polo que é un fracaso das súas políticas no rural, pois non potenciou nin medidas globais ou integrais, nin implicou ao sistema investigador nin ás universidades para trata de combater esta auténtica praga que ameaza ás persoas e máis ás actividades agrarias”.

A institución provincial insta a que este plan se faga dun xeito semellante ao feito en comunidades como Asturias, Navarra ou Illas Baleares, onde se recolla a avaliación e expansión dos avespeiros por zonas ou comarcas. Así mesmo, solicita que, mentres se elabora este plan, se incremente o persoal do Seaga destinado a loitar contra a velutina e se revisen os protocolos de retirada dos avespeiros, mellorando a atención das denuncias e incidencias notificadas e o tempo de resposta na retirada de niños.

Máis investimento no programa Lugo Termal

A Deputación de Lugo vén de aprobar unha nova edición do programa Lugo Termal con dúas novidades principais para a temporada 2023-2024: máis investimento e máis prazas. Este programa ofrece descontos para tratamentos termiais nos balnearios da provincia para ás persoas maiores de 50 anos.

O programa estará dotado este ano cun investimento de 91.000 euros, o que representa unha subida de case un 30%, e se pasará de 1.025 a 1.300 prazas, o que supón tamén case un 30% máis. Ademais, incor-

pórase aos balnearios de Pantón, Pambre e Lugo o de Guitiriz, en funcionamento dende o pasado mes de maio.

Concretamente, o programa contará con 825 prazas con estancia: 50 no Balneario Termas de Lugo, 400 no Balneario Río Pambre, 300 no Balneario de Guitiriz e 75 no Hotel Balneario Augas Santas. Ademais a Deputación ofrecerá outras 475 prazas sen estancia: 150 no Balneario lucense das Termas, 150 no Balneario Río Pambre, 100 no Balneario de Guitiriz e 75 no Hotel Balneario Augas Santas.

O Pleno reclamará á Xunta un Plan Único con fondos para os concellos

A Deputación reclámalle á Xunta a elaboración dun Plan Único de financiamento para os concellos, elaborado con criterios obxectivos, e que incremente a achega de fondos directos que as facendas locais perciben da administración autonómica. Así se acordou no Pleno de final de outubro a proposta do Grupo Socialista, contando cos votos a favor do BNG e, en contra, do PP.

A voceira socialista do Goberno e Deputada de Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, defendeu esta iniciativa poñendo o foco en que a Xunta presentou re-

centemente os Orzamentos 2024, cos que “agocha as eivas da súa xestión e esgota os superlativos sobre o carácter excepcional ou de récord das contas, mentres na vida real os veciños e veciñas o único récord que bate a Xunta é o de gastar cada ano máis cartos para ofrecer peores servizos públicos”.

“Os Orzamentos previstos para o 2024 son tamén, unha vez máis, un exemplo do desinterese da Xunta pola situación dos concellos e o seu evidente desprezo cara as súas necesidades”, manifestou. Dixo que sobre un total de 13.257M€, a

Xunta destina ao Fondo de Cooperación Local 152M€, o que supón o 1,1% do total, e apuntou que o resto que percibirán as facendas locais “dependerá dos criterios arbitrarios e partidistas en torno a figuras tan surrealistas como as subvencións non competitivas que se abren ás 12 da noite e quedan esgotadas 5 minutos despois”.

Engadiu que, mentres non se poña en marcha o citado Plan que se solicitou no Pleno, a Xunta debe incrementar o Fondo de Cooperación Local, polo menos, na mesma porcentaxe na que medrou o IPC.

TERRA CHÁ



O concurso de galiña de Mos trae premios á zona

O deputado Daniel García entregou os premios do VII Concurso Exposición Monográfico Provincial da Raza Galiña de Mos de Lugo, organizado pola Federación de Razas Autóctonas Galegas (BOAGA) durante a mostra agrogandeira Expo-Lugo A Rural, con premios para as criadoras e criadores dos mellores exemplares de galos e galiñas que se puideron ver no Pazo de Feiras e Congressos.

No acto recoñeceuse tamén a participación de gandeiros e gandeiras que achegaron ao recinto feiral

vacas e tenreiros das razas bovinas limiá, cachena, caldelá, frieiresa e vianesa, e exemplares de Ovella Galega e Cabra Galega, razas agrupadas en Boaga.

O primeiro premio do concurso foi para José Luis Freire Castedo, do concello de Pol, seguido de Sandra López López, de Láncara, e Beatriz Canto Edrosa, de Castro de Rei. Na categoría de galos o primeiro premio foi para Luis Fernández Fernández, de Riotorto. Por detrás situáronse José Luis Freire Castedo de novo e Sandra López López.

Deputación e USC únense para publicar un libro sobre árbores senlleiras

O Salón de Actos do Pazo de San Marcos acolleu o acto de presentación do libro que publican a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela *Árbores senlleiras da provincia de Lugo*, elaborado por Antonio Rigueiro, catedrático da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (USC), e Gaspar Bernárdez Villegas, Doutor en Investigación Agraria e Forestal.

Árbores senlleiras da provincia de Lugo recolle 120 árbores senlleiras ou grupos de árbores da provincia de Lugo, das cales 35 árbores e 6 formacións están como parte do actual Catálogo Galego de Árbores Senlleiras. En conxunto, constitúen unha representación moi importante dos monumentos vexetais do territorio estudado. Na publicación, as especies que aportan máis exemplares son o carballo pedunculado (*Quercus robur*), con 28 monumentos vexetais, o castiñeiro (*Castanea sativa*), con 21, e o teixo (*Taxus baccata*), con 9. E os concellos que aportan máis monumentos vexetais son o de Lugo (24), Folgoso do Courel (12), Cervantes (9), Sarria (9), O Incio (7) e Carballedo (6).

Besteiro será o candidato do PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia

O deputado socialista no Congreso pola provincia de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, foi proclamado de maneira provisional como candidato do PSdeG-PSOE á presidencia da Xunta de Galicia ao ser o único dos aspirantes ás primarias que aporta os avais requiridos para concorrer a este proceso.

O equipo de Gómez Besteiro fixo entrega do máximo de avais permitidos, un total de 1.024 sinaturas, mentres que o precandidato Manuel Losada Fernández non pasou o corte ao non reunir o mínimo dos avais establecidos, que eran 615, equivalentes ao 6% da militancia que ten o PSOE en Galicia.

Deste xeito, a Comisión Nacional de Ética do PSdeG vén de proclamar de maneira provisional a José Ramón Gómez Besteiro como candidato á presidencia da Xunta nas próximas eleccións autonómicas. En caso de que non houbera reclamacións, a proclamación definitiva do candidato producirase transcorridas 24 horas do remato do proceso.



Besteiro agradeceu a confianza dos case 3.000 militantes que lle apoiaron: "A falta de dúas horas e media para que termine o prazo, quixen entregar persoalmente os avais, xunto con outros compañeiros e compañeiras, porque creo que é unha forma de demostrar o meu agradecemento aos preto de 3.000 militantes que me trasladaron a súa confianza". José Ramón Gómez Besteiro chegaba á sede socialista ás 12.30 do mediodía, acompañado por varios militantes, onde fixo entrega das

carpetas con centos de avais -faltan os votos telemáticos- e ante os medios insistiu no "proceso enriquecedor e exemplo de democracia interna que son as Primarias do Partido Socialista que, a ninguén se lle esqueza, empezaron en Galicia en 2013".

O deputado galego declarou "sentirse abrumado" polas mostras de agarimo recibidas nas agrupacións e insistiu na confianza das e dos compañeiros "porque o aval é unha declaración pública de apoio".

A CHMS realiza a limpeza e mellora de desaugue en varios ríos

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e para o Reto Demográfico, reforza con dúas brigadas máis as actuacións de conservación do Dominio Público Hidráulico na provincia de Lugo.

As 6 brigadas de conservación de leitos asignadas a esta provincia traballan nos municipios de Monforte de Lemos, Sarria, Chantada, Taboada, Castro de Rei, O Corgo, Cospito e Triacastela, nos ríos Arroxo, Sarria, Asma, Moreda, Ferreira, Tórdea, Anllo e Oribio, respectivamente.

Á finalización deste exercicio os traballos de limpeza e conservación de leitos superarán un investimento 1,2 millóns de euros.

O obxectivo xeral destas actuacións é garantir a continuidade fluvial dos leitos e para iso realízanse traballos de roza selectiva de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas e curta sanitaria de pés secos para evitar tapóns nas infraestruturas de paso.

En zonas que así o requiren, procédese á estabilización de marxes e loi-



ta contra especies invasoras que podan afectar o estado das masas de auga. Ademais, procédese á retirada de residuos sólidos urbanos presentes, sobre todo, en tramos urbanos. O río Asma, ao seu paso polo núcleo urbano de Chantada, presentaba unha alteración morfolóxica do leito con formación de illas artificiais e vexetación heliófila no medio do río nunha Área de Risco Potencial Significativo de Inundacións (ARPSI). As actuacións en execución mellorarán a capacidade hidráulica do leito e a composición da vexetación de ribeira, a través da retirada dos tapóns illados e á redistribución de sedi-

mentos cara ás marxes.

"Este Organismo de conca colabora cos concellos e colectivos veciñais que solicitan e xustifican a necesidade de calquera actuación urxente, pero non hai que esquecer que o mantemento de todo curso fluvial que discorre por zona urbana é responsabilidade da Administración competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo (artigo 28.4 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, que aproba o Plan Hidrolóxico Nacional, ademais da súa interpretación polo Tribunal Supremo na sentenza nº 1962/2017, do 13 de decembro)", explicou Quiroga.

A Xunta activa o Plan Invernal nas estradas autonómicas

A Xunta activou o Plan de vialidade invernal na provincia de Lugo, cun dispositivo de 87 profesionais e 1.740 toneladas de fundentes para garantir a seguridade e a mobilidade nas estradas autonómicas ante as inclemencias do tempo.

Os 6 centros operativos e os medios distribuídos pola provincia para garantir a seguridade viaria nas estradas da Xunta ante as inclemencias meteorolóxicas propias desta época do ano permanecerán en servizo desde hoxe, día 1 de novembro, e ata o vindeiro 30 de abril. A Xunta dispón dun centro operativo na zona norte, en Xermade, e subcentros en Mondoñedo e no Cádavo; e outro na zona sur, no Incio, con subcentros en Monforte e en Lugo.

O plan na provincia de Lugo conta cun dispositivo de 58 máquinas, entre elas, camións, retros, ademais de cuñas, follas, espaxadores de sal ou estendedores de salmoira.

Estes recursos materiais permitirán a atención e o mantemento dos preto de 1.500 km de estradas autonómicas na provincia para acadar condicións de seguridade viaria, especialmente nas épocas con episodios de climatoloxía adversa.

Declarados focos de EHE en Friol, Xermade, Guitiriz e A Pastoriza

A Xunta declarou en varias comunicacións diferentes focos de Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE) en catro concellos da comarca, en Friol, Xermade, Guitiriz e A Pastoriza. Agás no caso da explotación de Guitiriz, con catro bovinos afectados, no resto de casos só un animal do total dos bovinos presentes na explotación presentaba sintomatoloxía compatible con esta enfermidade. Así, os servizos veterinarios oficiais procederon de inmediato á toma de mostras dos animais sospeitosos, confirmándose os casos positivos polo Laboratorio Central de Veterinaria de Algete, en Madrid. Neste senso, cómpre sinalar que a EHE é unha enfermidade infecciosa pero non contagiosa producida por un virus que se transmite aos

animais exclusivamente a través da picadura de mosquitos do xénero *Culicoides*, spp. Dada a vía de transmisión, esta enfermidade aparece mentres exista o mosquito vector circulando no ambiente. Polo tanto, existe un período de posible afectación dos animais (aproximadamente de abril a decembro) e outro, nos meses de inverno, nos que ao non existir circulación do vector, non existe posibilidade de infección nos animais. A única vía de contaxio nos animais é a través da picadura dos mosquitos transmisores, polo que non é posible a transmisión directa ou indirecta entre eles. Ademais, cómpre aclarar que esta doenza non afecta ás persoas, nin pola picadura do mosquito transmisor, nin por contacto con ani-

mais infectados, nin polo consumo de produtos de orixe animal (carne, leite...) destes animais. Así mesmo, cabe salientar que a EHE afecta especialmente a ruminantes silvestres, fundamentalmente cervos, tamén corzos ou gamos. No gando doméstico só o bovino resulta afectado coa aparición de síntomas nalgúns animais. O gando ovino pode tamén infectarse pero non aparece sintomatoloxía, mentres que o cabrún non é sensible a esta enfermidade. Non existe vacina nin tratamento curativo específico fronte ao virus da EHE. Por iso, as medidas preventivas posibles a tomar respecto a esta enfermidade van encamiñadas a evitar o contacto dos animais co mosquito vector, en concreto.

Morandeira e as filloeiras recibiron unha distinción no Día do Veciño



A 21ª edición do Día do Veciño, organizada pola Federación de Asociacións de Veciños de Lugo no Pazo de Feiras e Congresos da cidade lucense, reuniu arredor de 5.000 persoas de diferentes entidades e colectivos da provincia nunha xornada na que se pon en valor o asociacionismo existente. O Día do Veciño é una celebración realizada cada ano co obxectivo de premiar, recoñecer e homenaxear a

persoas da cidade que destacan pola súa colaboración no movemento veciñal e na dinamización e promoción da comarca e provincia. Tamén serve para consumir e potenciar os produtos locais. A comida de confraternidade elabórase con alimentos de proximidade e no recinto colócanse postos de artesanía e gastronomía de produtores lucenses e galegos. No acto, fixéronse entrega dos 25

premios V de veciño, encontrando entre os premiados ao Presidente da Confederación Estatal de Asociacións Veciñais, Julio Molina Barthe, os deputados provinciais, Marisol Morandeira e Pablo Rivera, o Tenente Coronel Xefe da Comandancia de Lugo, Julio González Chas, ou o director do Centro Penitenciario de Bonxe, José Manuel Pernás; así como as filloeiras de Muimenta.



Clausurado o obradoiro Cumes da Terra Chá

A Xunta de Galicia clausurou o obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá VI coa entrega de diplomas aos 20 participantes. Durante o último ano o alumnado adquiriu coñecementos teóricos e prácticos en especialidades relativas á construción: operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (7 alumnos e alumnas en Friol) e revestimentos con pezas ríxidas por adherencia (7 en Begonte e 6 en Rábade). Así mesmo, realizaron un traballo remunerado mellorando espazos públicos dos distintos municipios. En Rábade renovaron as beirarrúas

das rúas Miguel de Cervantes, Lope de Vega e Fernando Arias, e as zonas peonís exteriores do cine Man. En Friol ampliaron una beirarrúa no polígono industrial e melloraron o pavimento na praza Campo da Feira; e en Begonte acondicionaron un tramo da avenida de Galicia e fixeron reformas nun edificio municipal para destinalo a cafetería no Campo da Feira. En breve porase en marcha un novo obradoiro que dará continuidade ás obras de mellora nos municipios e suporá oportunidades laborais para outros 20 traballadores desempregados.

Convocado o de Santa Isabel

O Concello de Outeiro de Rei recibiu unha axuda por importe de 531.046,20 euros para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado Santa Isabel V que se desenvolverá nos municipios de Outeiro de Rei, Castro de Rei e Cospeito. O obradoiro dual de emprego Santa Isabel V é un programa mixto de formación e emprego dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou de interese social. Para este obradoiro, serán seleccionados un total de 20 alumnos-traballadores desempregados; 6

para Outeiro de Rei e 7 para cada un dos concellos restantes. Todas estas persoas estarán contratadas durante doce meses cun contrato para a formación en alternancia. A selección de persoas beneficiarias realizarase previa oferta á oficina de emprego Lugo Sur (no caso dos concellos de Outeiro de Rei e de Castro de Rei) e á oficina de emprego de Vilalba (para Cospeito). As especialidades formativas combinan a Pintura decorativa en construción, Pintura industrial en construción, Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción, Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, Operacións auxiliares de albanelaría de fábricas e cubertas, Pavimentos e albanelaría de urbanización e Fábricas de albanelaría.

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA
RACIONES
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS CON SALSAS VARIADAS
RAXO PATATAS
ALGO PARA COMPARTIR TAPAS

NUESTROS DELICIOSOS
TORTILLAS
SABOREAR
PICAR

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

RODECA

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

DEPORTES



Meira gaña o Rally San Froilán e Senra, segundo, o campionato

O Rally San Froilán 2023 tivo na madrugada do seu remate dous novos campións. Alberto Meira foi o vencedor da sesión luguesa mentres que Víctor Senra, que quedou segundo, fíxose co título de campión Galego. Remata cun novo éxito de público e de participantes, malia o tempo que deu algo de tregua durante o sábado, un rally no que Alberto Meira dominou en case todos os tramos aos mandos do seu Skoda Fabia. Este é o terceiro triunfo consecutivo en Lugo completando un percorrido de 1.10.58.480 e 10.6 segundos de vantaxe con respecto a Víctor Senra, quen finalizou cunha vantaxe de 2.05 minutos ante Iago Caamaño, que co seu Ford Fiesta foi o terceiro. A segunda praza tivo un sabor de vitoria para Víctor Senra, que no seu Hyundai i20 certifica o título de campión galego e acumula o sétimo para o piloto de Dumbria. Tiña como meta Senra quedar entre os cinco primeiros e non perdeu o pé en ningún momento.

Outeiro de Rei acolle unhas xornadas de voleibol

O concello de Outeiro de Rei continuará coas xornadas de portas abertas de voleibol os días 13, 20 e 27 de novembro, luns de 19.00 a 20.00 horas no Pavillón Municipal de Deportes de Outeiro de Rei.

Esta actividade gratuíta está dirixida a rapaces e rapazas de entre 8 e 14 anos. Non require inscrición previa.



Cambio de liderado no XII Aberto do Ferro

Por Daniel Rodríguez Saavedra

A mañá estaba fría, ameazando choiva, máis respectou a xornada billardeira no Campo das Minas, onde nos xuntamos 83 palanadores (53 homes, 21 donas e 9 cativos) para disputar o XII aberto do Ferro e levarse o premio da navalla. Un dos pioneiros neste apaixonante xogo presentouse no campo para dar unha lección de entusiasmo e bo facer acadando o alto do podio con 24 puntos: Xermán Viluba, alma e corazón billardeiro. Outro dos de sempre, o tricampión nacional Markytos, acompañouno no podio como terceiro, logo de que fora superado nun emocionante desempate pola xuventude de Gundar, que deu un toque xuvenil ao podio colándose entre os dous

veteranos mestres.

Moi disputado estivo o podio por equipos, se na derradeira xornada os Billardeiros Musicais superaron por dous puntos aos Troitas Bravas, nesta ocasión foi ao revés sendo a diferenza entre eles de só un punto. No terceiro chanzo repite Madia Leva, que este ano vai por todas e xa supera en dez puntos aos Carabullo.

Na categoría de donas, Cris vén reclamando un merecido posto entre as mellores, e foi terceira tan só superada por Geni e Aroa, que dominaron con autoridade a xornada. En canto a cativos, o dúo Diego e Mateu segue na súa loita particular e non dan oportunidade, só Roi puido achegarse a eles para ocupar o terceiro posto.



O CB Breogán visitou Cospeito e Castro de Rei

O proxecto Ningún Aro Sen Rede fixo unha nova parada no CPI Virxe do Monte, no Concello de Cospeito. Alí agardaban unha boa chea de alumnos e alumnas, con moitas gañas de pasalo ben e de sumarse a esta iniciativa ecolóxica que se leva a cabo da man da UNED de Lugo e de Ecoballution.

Logo da explicación de rigor do concurso de reciclaxe e da importancia do seu labor a partir de agora por parte de Salva Arco e Ana Traseira, chegou o momento de probar as novas econets. Erik Quintela, Conner Frankamp e Máximus fixeron o concurso. A porcentaxe nos lanzamentos 2 de 10 deixa claro que á mascota do CB Breogán dáselle moito mellor a competición do baile de mascotas, que gaña cada ano, pero que no tema puramente deportivo aínda ten que adestrar un pouquiño máis.

En resumo, unha mañá moi divertida, cunha total implicación de mestres e escolares e da que os xogadores do primeiro equipo do Breogán se levan un gran recordo. Días antes participaron en Castro de Rei nunha fase de adestramentos deste Máis Que Basket No Rural.

A parte teórica da xornada xirou en torno á figura do CB Breogán, cun repaso á historia do club. Na parte de baloncesto, púxose en práctica o aprendido neste mes de adestramentos. Os rapaces e rapazas destinatarios da sorpresa desta xornada foron os alumnos e alumnas do CEIP Ramón Falcón, que contaron coa presenza de Anthony Polite. Logo de coñecer un pouco mellor a Anthony, o xogador do CB Breogán ofreceu unha clase de técnica de tiro, antes de pasar a compartir con todos eles e elas xogos e partidos 2X2.



O FSF Castro fai historia e clasifícase para a fase final da Copa da Raíña

O equipo do FSF Castro Bloques Cando logrou este mércores a súa clasificación para a fase de cuartos de Final da Copa da Raíña, logo de vencer ao Ourense no pavillón dos Remedios por 4-6.

Gran resultado para o equipo chairego, que queda, xunto ao Burela, como únicos representantes de Galicia nesta competición de ámbito estatal.

O conxunto chairego disputou a terceira volta desta competición logo de superar ao Sala Zaragoza en outubro.

A seguinte cita do equipo será no mes de abril, cando se fará a competición de cuartos. Previamente

se coñecerá ao próximo rival do Castro, na súa procura da gran Copa do fútbol sala feminino.

COPA DEPUTACIÓN. O Ribeira fixo dobrete coa Copa Deputación de fútbol sala para levarse o título nas dúas categorías sénior, a feminina e a masculina.

Na Copa de Primeira División masculina o Ribeira fixo un paseo sobre a cancha para levarse a vitoria cun avultado 7-1 ante o Outeiro de Rei no Chanto.

Na Segunda División masculina a vitoria foi para o equipo ribadense Cubelas, que venceu 3-4 neste caso ao Outeiro de Rei B.

Guitiriz acollerá o 11 o Rally Rías Altas Clásico

A Escudería Centollo da Coruña abriu o prazo de inscrición para o XIX Rally Rías Altas Clásico que se celebrará o día 11 de novembro en Guitiriz.

O evento non deportivo consiste nun percorrido para vehículos históricos cunha velocidade media inferior a 50 Km/h., cunha quilometraxe aproximada de 140 Km., desenvolvéndose por estradas abertas ao tráfico, nas que os participantes terán que respectar en todo momento as normas de circulación.

Os vehículos participantes saíran cun intervalo entre eles, tratando de evitar no posible a formación de caravanas durante o percorrido. Todos aqueles que queiran inscribirse anticipadamente deberán mandar os seus datos cubertos na folla de inscrición. Este é de 140 euros para socios da escudería; 160 para membros doutras



escudaría galegas e de 180 para o resto. Ademais, haberá un suplemento de 50 euros para os que asistan á cea.

A sesión dará comezo ás 14.00 horas coas verificacións técnicas, que se levarán a cabo no bar O Korreo de Guitiriz. Logo do breafing, está prevista a saída do primeiro participante ás 16.00 horas e a entrega de premios para as 21.00 horas.

Paixón e talento baixo paus

A porteira Yanira Guizán Montes debutou este ano na máxima categoría feminina do fútbol sala nas filas do Viaxes Amarelle, logo da súa formación desde prebenxamín nas ligas galegas co Concello de Guitiriz FS

Ninguén dúbida a estas alturas de que Guitiriz ten unha longa relación co fútbol sala. Sen dúbida, parte da culpa debe botarse sobre Manolo Martínez, coñecido nas canchas como Maradona, que a base de traballo, constancia e agarimo leva traballando por este deporte. Foi el tamén en parte responsable de que hoxe en día Guitiriz poda presumir de ter a unha novísima veciña xogando na máxima categoría do fútbol sala, na Primeira División.

Tiña Yanira 7 anos cando acompañou ao seu irmán maior a un adestramento de fútbol sala. Ía coa súa nai, que tiña previsto para ela unha clase de pintura á que nunca chegou a asistir. Manolo viuna darlle patadas a un balón mentres esperaba e convenceu á nai de que a deixase quedar ao adestramento.

Empezou en prebenxamín e non tardou en despuntar dentro do seu grupo. Como a maior parte dos equipos daquel tempo estaban en ligas galegas, Yanira formouse nas competicións raíñas. Xa desde pequena descubriu que o seu lugar era baixo paus, onde comezou e onde segue defendendo agora ao seu equipo coruñés, “porque é o meu, non quero xogar noutra posición, é o que me

gusta”, di convencida. Ademais, sempre foi convocada polas categorías superiores á dela e sempre no equipo masculino, sendo peza indispensable na portería ao longo dos anos. O Concello de Guitiriz FS viuna nacer como xogadora, viuna crecer e tivo que deixala marchar este ano cando o equipo perdeu a súa praza na Liga Galega por falta de xogadores.

Pero Yanira xa levaba tempo preparándose para este paso. Non quería deixar o equipo da súa vida e aínda lle quedaba un ano en xuvenís pero sabía que sería cuestión de tempo, polo que, incentivada polo adestrador, comezou o seu achegamento ao club coruñés, onde probou e onde comezou a adestrar de forma complementaria a tempada pasada. O salto produciuse finalmente este ano e desde o seu debut na competición, alterna coas outras dúas porterías xogando a práctica totalidade dos partidos.

O SALTO A PRIMEIRA Cando se lle pregunta como levou o cambio, medita a resposta e, coa sinceridade que a caracteriza asegura que “lévoo ben. Ao principio custoume bastante acostumar pero agora xa collín o ritmo. Pero aos partidos vas con

moita máis tensión, tes máis responsabilidade, non estás xogando unha liga pequena, estás xogando en Primeira e iso está aí”.

Explica tamén Yanira que a principal diferenza de xogar na feminina está na forma de velo xogo. “Eu viña de xogar con rapaces e agora no feminino é distinto. As mulleres pensan máis que os homes, saben como atacar, non se basea tanto na forza bruta, é máis técnica e táctica porque a constitución física non é a mesma”, aclara.

Yanira sintese cómoda no Viaxes Amarelle. Axudou a tempada que adestrou o ano pasado antes de xogar, onde se foi formado o vínculo que se precisa para saír á cancha e poder ler a mente das túas para que o teu xogo sexa máis efectivo e, no seu caso, para que o rival non o sexa. “Temos un grupo moi bo, estamos todas moi unidas -explica Yanira, que é a máis pequena do equipo-. Son como a nena do grupo, apóianme todas e axúdanme moito”.

A VIDA DIARIA Pero esta vida deportiva na elite ten a súa cara B. O vivir en Guitiriz ten un esforzo suplementario ao ter que asistir catro días á semana aos adestramentos a Coru-



ña, máis a xornada do partido, que ademais, debido á categoría, pode coincidir en calquera parte do territorio estatal.

Estudante de Segundo de BAC, un curso moi esixente, require dunha gran organización. “Intento ser moi organizada para poder levalo todo. Como teño unha tarde libre á semana é a que utilizo para outras cousas. O que levo peor son as horas de sono, que me deixa poucas”, engade. Pero a súa vida social afirma que non se resentiu, polo menos polo de agora. Afirma que parte dos seus amigos

están xa na universidade polo que fai vida social agora mesmo cos compañeiros de Guitiriz e logo coas compañeiras do equipo, “polo que non boto nada de falta agora mesmo”.

A súa ilusión e os seus proxectos seguen polo camiño que lle marcou o balón desde sempre. A súa meta é chegar ao máximo que se poda no fútbol sala e despois “ser profesora de Educación Física nun instituto”, un desexo que ten moi claro. Mentres tanto, unha parte vaise cumprindo cada fin de semana nos parques de todo o Estado.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VIALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE

📞 Emerxencias: **112** | Incendios Forestais: **085**
Urxencias Sanitarias: **061** | Garda Civil: **062**

📞

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

COLABORACIÓN

A revolta nas aulas en 1986

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

A folga do curso académico 1986-1987 constituíu o maior conflito estudantil da historia de España. Supuxo o comezo dun trienio de mobilizacións que foron 'in crescendo' co paro do profesorado nos meses seguintes e remataron coa histórica folga xeral do 14 de decembro de 1988. As convocatorias destacaron pola súa masiva participación e polos importantes efectos que acadaron na política educativa, especialmente no eido do ensino secundario. Podemos afirmar que se produciu unha democratización, no sentido de que se eliminaron as taxas e conseguiu unha apertura das portas universitarias ás familias traballadoras. De feito, unha de consignas que máis berrabamos era "nin taxas nin selectividade, o fillo do obreiro á Universidade". Tras a manifestación do 4 de decembro en Madrid, organizouse un plan de asembleas en todos os institutos do país, coa finalidade de someter a votación o manifesto programático e organizar comités de folga con diferentes comisións de traballo. Como naquela época non tiñamos móbil nin Internet, repartiamos a cada compañeiro unha listaxe con dez ou doce teléfonos para que se encargase de avisar persoalmente á xente e que

non faltase ninguén ás xuntanzas. O 15 de decembro tocaba elixir aos representantes dos centros de ensino na futura Coordinadora. Na votación asemblearia celebrada no Instituto Basanta Silva de Vilalba, saín elixido por ampla maioría; o segundo punto da orde do día era a preparación da troula de Nadal na AJM 76, prevista para o venres 19. A partir de aí comezaría o meu contacto con outros líderes estudantis, tanto galegos como madrileños.

O 23 de xaneiro de 1987, máis de cen mil mozas e mozos participamos nunha memorable mobilización na capital de España contra as reformas do ensino. Había moitas outras convocadas en todo o Estado para a mesma xornada. Os representantes da Coordinadora desprazámonos a Madrid en autobuses flotados dende distintas comunidades. Cando marchabamos pacificamente pola Gran Vía, chegou un intre no que a Policía, provocada polas Bases Autónomas e outros grupos fascistas que pretendían rebentar a manifestación, deixou varios feridos ao cargar contra nós. A razón fora substituída polo caos e pola violencia. De súpeto, parámonos para vocearlles ao unísono: "Eses de marrón, de que instituto son?". Pero non serviu de nada. A brutalidade da intervención, que a cidadanía puido ver a través das imaxes emitidas polo Telediario 2 (presentado por Luis de Benito e Elena Sánchez) falaba por si soa. Lembro que a prensa madrileña de dereitas lan-



zaba constantemente campañas de descrédito, denunciando ante a opinión pública que as revoltas estaban promovidas por "trotskistas organizados e anarquistas desorganizados". Calquera argumento era válido para desencoraxarnos e desactivarnos.

Tras aquela mobilización, o movemento estudantil entrou nunha nova fase; ademais de demostrar o noso potencial -ao resistir unha prolongada folga a pesar da represión sufrida- ampliamos a coordinación a máis centros educativos. Neste contexto, o goberno de Felipe González iniciou unha dinámica de negociación, designando como interlocutor a Alfredo Pérez Rubalcaba, secretario xeral de Educación. Nas conversas celebradas na sede do ministerio conseguíuse frear o Estatuto do Profesorado, debido ao crecente número de docentes que secundaban a folga,

eliminar as taxas de BUP e COU e lograr un aumento das bolsas, favorecendo a igualdade de oportunidades. Con todo, as demandas organizadas e anarquistas universitarias e o fin da selectividade, esfumáronse, así como a ocasión que brindaba a actividade de semellante movemento estudantil nas rúas, abrindo a posibilidade de confluencia cuns traballadores entre os que era común oír aquilo de "hai que facer como os estudantes". Solidariedade total. Dirixiamos as nosas mensaxes ao conxunto da esquerda, propoñendo a unidade de actuación. E contactamos co apoio das principais forzas sindicais, sensibilizadas coas nosas accións e alarmadas pola alta taxa de paro xuvenil (máis do 40%), en pleno proceso de reconversión industrial. As nosas organizacións máis importantes eran o Sindicato de

Estudantes, liderado por Juan Ignacio Ramos, e a Coordinadora Estatal, con David Balsa. Este último achegouse a Vilalba en abril de 1987, atraído pola visibilidade das nosas protestas na prensa e a pola nosa actitude reivindicativa, pois chegamos a cortar o tráfico con varias manifestacións na estrada principal, e a contratar tres autocares para organizar en Lugo unha concentración ante a sede da Delegación Provincial de Educación, solicitando unha entrevista con Eduardo Sampayo Yáñez, o delegado da Xunta. Plantámonos alí ata que nos recibiu e arrincámoslle un compromiso concreto sobre a finalización das obras do Instituto Basanta Silva, porque precisabamos preparar o noso acceso á Universidade nunhas condicións dignas, deixando atrás as semanas de amontoamento terceiro-mundista vividas durante aquel curso.

Co discorrer dos anos, o madrileño Juan Ignacio Ramos converteuse nunha figura destacada na defensa dos dereitos estudantis e na loita por unha educación de calidade e accesible para todos. Agora é secretario xeral de Esquerda Revolucionaria. Pola súa banda, o coruñés David Balsa fixo carreira diplomática e na actualidade exerce de enviado especial da Presidencia da Corte Centroamericana de Xustiza para Nacións Unidas. E eu sigo a escribir as miñas crónicas e outras pezas xornalísticas... confiando en poder facelo durante moito tempo.

Benestar emocional do docente

O PUPITRE



Julio Díaz

Nun informe profesional que manexei hai uns días reflectíase que o estado de tensión constante que afecta á saúde mental dos docentes, plasmándose nun aumento importante de baixas laborais, pasando do 5 % ao 16 % os que rematan recorrendo a ela. Algo que se atribúe ao contexto educativo actual e á crise de pandemia e

postpandemia que aínda estamos a sufrir.

Entendemos por saúde emocional ese estado de benestar psicolóxico xeral. Inclúe a maneira de sentirse cara un mesmo, a calidade dos seus vínculos, a capacidade para manexar emocións e sentimentos e as distintas formas que todos temos e debemos ter de encarar dificultades. A saúde emocional non é só a ausencia dunha enfermidade, implica capacidades e potencialidades, como son a resiliencia, a autoestima, ou buscar a mellor adaptación aos cambios. O burn-out ou 'síndrome do quei-

mado' é algo que como profesionais da docencia vimos a sufrir cada vez con máis intensidade; e que o noso traballo cada vez é máis complexo e estresante. Este síndrome (SBO) foi o primeiro en desenvolverse e actualmente a OMS o recoñece como enfermidade. Ocorre que moitos profesionais da docencia incrementan ata tal nivel as súas obrigas profesionais que acaban por descoidar a súa, e quero eu desde o meu 'pupitre', recomendarlles que é imprescindible coidar dun para poder realmente despois coidar dos demais, así que antes de preocu-

parte en exceso do teu alumnado, debes darte tempo para vixiar as túas horas de descanso, de sono, a túa alimentación, a túa vida familiar e persoal. Para que o noso alumnado teña unha rede importante de apoio; nós, os docentes, debemos ter en perfecto equilibrio a nosa saúde mental e física para así poder asegurar que a atención ao noso alumnado sexa a mellor. Debe o docente aprender a manexar as súas emocións e explorar con frecuencia o seu estado emocional, os factores que nos rodean e como nos afecta, así como as relacións persoais cos demais. Non se trata

de darlle demasiadas voltas aos temas, pero si que de vez en cando avaliemos como nos sentimos. Debemos ser conscientes da problemática actual nos centros educativos onde o benestar emocional de toda a comunidade educativa debe ser unha prioridade das administracións. A atención ao profesorado, o recoñecemento social ao noso traballo, así como a inversión en educación son aspectos primordiais a ter en conta si pretendemos unha educación de calidade. É imprescindible, neste senso, o recoñecemento de enfermidades profesionais dos docentes.

Segadores galegos en Castela (I)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Castellanos de Castilla, tratade ben aos gallegos; cando van, van como rosas; cando vén, vén como negros
Rosalía de Castro

Deste xeito se queixaba a nosa Rosalía durante a súa estancia en Simancas en 1868, onde o seu marido, Manuel Murguía, era arquivista no famoso arquivo desa cidade, reflexando a penosa impresión que lle causou o maltrato e as penosas condicións en que vivían os nosos campesiños que ían segar ás terras de Castela.

Xa naqueles anos, e até os tres terceos do século pasado, había unha superpoboación nas nosas aldeas, polo que ir as segas era un alivio para aquelas economías tan febles nas que faltaban moitas cousas necesarias, pois había que mercar roupa, aceite, azucre e outras cousas de primeira necesidade que non se producían na casa e tampouco había de onde sacar cartos, xa que con dúas ou tres vacas poucos cuxos se podían

vender.

Os diferentes Gobernos do Estado nunca miraron pola nosa economía nin polo noso benestar. Xa moito antes, durante a República, no Franquismo, e aínda hoxe!, se dedican a empobrecer Galiza, esquilmando as nosas riquezas e os nosos recursos sen deixarnos nada a cambio, coma si a nosa terra fose deles e nosoutros os seus escravos.

Nos Vilares os trapeiros traían algúns cartos para a casa, pero outros tiñan que ir gañalos a Castela, no duro traballo da sega das aveas, do trigo, e dos garavanzos, baixo o sol abrasador daquelas terras ermas nas que Rosalía só puido aguantar apenas vinte meses.

Por sorte, eu nunca fun segar a Castela, e para describir os seus traballos, alegrías e tristezas, falei con dúas grandes enciclopedias viventes desta parroquia, como son Xosé López Roca (Pepe de Visita) que foi primeiro de segador e logo "maioral principal", desde 1955 ata 1965, último ano que os vilaregos foron ás segas, e con Xosé Luís Teijido Comba (Luís de Fabete), que converte en arte todo o que toca e con quen falaremos algún día mais detidamente, que foi atador nos anos 1963 e 1964, cando só tiña catorce e quince

anos.

Todos os anos, despois de que Pepe de Visita, maioral principal, quedara por carta cos amos, sacaba a "lista de embarque" en Lugo para que Renfe lles fixera un desconto por ser mais de doce viaxeiros, xa que el levaba mais de corenta homes da contorna de Guitiriz, Aranga e Xestoso. Logo, cada un co seu saco, onde levaban a manta, a roupa e a comida para a viaxe, collían o tren en Guitiriz todos xuntos e dirixíanse a Santa María Real de Nieva, á casa de Dionisio Palomo, casado con unha prima da muller de Franco, Carmen Polo. Alí repartía os homes polas outras vilas de Segovia, na comarca que chegaba á Serra de Guadarrama: Ortigosa de Pestaño, Carboneros, Valseca e Villoslada, pois nunha casa querían seis e noutra nove ou mais homes, así que tiña que andar toda esa comarca en bicicleta para saber cantos querían en cada casa, ademais de facer os contratos cos amos das fincas e mirar cando acababan nunha casa, buscando outra para cando remataran e non ter que estar parados. Unha vez distribuídos en cuadrillas polo maioral principal, cada unha tiña o seu maioral e ía a casa que lles asignara o principal.

Empezaban en Ortigosa, onde ma-



duraba antes a colleita; segaban 8 ou 15 días en cada casa e despois ían saltando dun sitio para outro, votando entre 55 ou 60 días e volvían polas festas do San Vitorio de Cambas e do San Nicolás do Buriz, que eran as primeiras festas que se facían a súa chegada de Castela.

Traballaban de sol a sol e, conta Pepe, "no mes de Xullo case era día as cinco da mañá e algunha vez chegabamos á terra e tiñamos que agardar un pouco porque non víamos para segar e segábamos todo o día ata as 11 da noite. Ao mediodía viña un home traernos a comida, poñía as cazolas nunha manta, tiraba as culleres e tiñámolas que coller ao momento, porque se as deixabas un pouco quentábaas o sol e queimaban nas mans". Comían ao sol porque alí non había árbores nin sombra que de alento, como dicía Rosalía.

Un dos problemas mais importantes que tiñan era a hixiene, porque nin auga tiñan para lavarse e so podían facelo cando había unha lagoa cerca, das que tiñan nalgúns pobos para coller auga non potable.

A auga dos pozos e das fontes era unha auga cardeña, moi mala, e naquela zona por onde andaban so había fontes boas en Villoslada e Valseca.

Agora ten que perdoarme o lector, pois dinme da redacción do periódico que vaia rematando o artigo porque non queda mais espazo, pero no seguinte número seguiremos falando dos problemas que tiñan coa auga e doutras cousas que abundaban en Galiza e das que carecían naquelas terras que presumían ser mais adelantadas e o único que tiñan era uns traballadores mal pagados.

O perigo aí está

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Adoitaban presumir alén ao norte da nosa bisbarra, polas terras da Mariña, de que estando os seus montes ategados de plantacións de eucalipto, o certo era que apenas lles afectaban os incendios forestais, os cales, así era, asolaban cada certo verán —e incluso noutras estacións— zonas do País nas que non abundaba tanto esta polémica especie, traída, ou iso se di, polo relixioso Frai Rosendo Salvado desde o outro lado do mundo, das terras australianas, aló a mediados do século dezanove. Non lles faltaba razón; as estatísticas non enganaban e, efectivamente, nos concellos próximos á costa lucense, o lume era unha excepción. O sector da madeira, desde propietarios ata madeiristas, sacaban peito no seu discurso a prol do eucalipto, onde a súa rendibilidade

económica estaba fóra de toda dúbida, sen pararse a pensar noutro tipo de contraindicacións que todos escoitamos cando se debate sobre o tema en cuestión.

As lexítimas razóns que presentaban os nosos veciños mariñáns, defendendo un monte no que practicamente existe un evidente monocultivo e o seu aval da inexistencia de incendios, podería ser válida se non nos paramos a analizar as condicións climáticas. E aí é onde temos a clave, porque de sobra é coñecido que en pleno verán, cando no interior temos días solleiros e con temperaturas rolando os trinta graos centígrados, é atravesar Mondoñedo e chegar ás espectaculares praias de Barreiros, Foz ou O Vicedo e aínda estando a auga do mar máis que apetecíbel, comprobamos que cómpre botar man dalgunha peza de abrigo porque a sensación térmica descendeu notablemente desde que saímos da casa. Porque esa era a realidade, xa que nas localidades citadas e arredores, sen cuestionar o encanto que atesouran

en tódolos sentidos, as horas de sol son similares ás que teñen en países do norte de Europa, cunhas néboas e un orballo que minimizan as posibilidades do lume.

Pero o perigo aí está presente. O tempo está tolo e o cambio climático semella que está chegando para permanecer. E o resultado observámolo recentemente: Alguén aproveitando esas condicións favorables, en pleno mes de outubro, con sol, excesiva calor e aire, decidiu prenderlle lume ó monte coas consecuencias pertinentes. Centos de hectáreas foron arrasadas, chegando as lapas a núcleos habitados e con risco real para as casas e as persoas.

Non imos debater contra os argumentos que manexan os pro eucaliptos. Xa temos falado nesta mesma columna delo e nesta ocasión non toca. Mais o que acaba de acontecer debería levar a unha reflexión na que nos cuestionemos o modelo produtivo dos nosos bosques, nos cales están desaparecendo os soutos, as carballeiras

O RECUNCHO DE CANELINA



e as fragas. Igual temos que pensar máis aló do beneficio inmediato e analizar outras variables que son de interese xeral. O "banco sen intereses" —en palabras da alcaldesa de Trabada— sufriu un sensible revés semanas atrás, aconte-

cemento que ata a data era case inédito, pero moito nos tememos que nos vindeiros veráns xa non o será tanto e entón virán as lamentacións.

Ordear o territorio. Unha misión que temos pendente. A ver.

DE RUTA EN RUTA

Meira: Ruta de Avelino Díaz

A ruta, duns dez quilómetros, atópase na actualidade moi ben sinalizada e é accesible tanto a pé, en bicicleta como a cabalo

Avelino Díaz pasou algúns anos da súa infancia en Meira, antes de emigrar no 1910 a Bos Aires onde pasaría o resto da súa vida. Nado na parroquia de Santa Comba de Órrea esta ruta da comezo aquí, a catrocentos metros sobre o nivel do mar e percorrendo un camiño moi transitando polos veciños noutra época para acudir á feira de Meira.

A casa de Avelino Díaz, na Travesa, é o punto inicial desta ruta, vivenda que o poeta habitou xunto á súa nai ata os dez anos, cando se mudou a vivir a Meira. Dende aquí pasaremos pola igrexa da Órrea, restaurada a mediados do século XIX, que conta cunha planta rectangular construída en granito. A capela maior é de estilo rococó mentres que as dúas capelas laterais son de estilo barroco. Estes primeiros metros do camiño transcorren por terreo chan, cruzando o pobo de Travesa e o afluente do Eo, o río Mourín.

Unha vez que chegamos á Pena da Abelleira dá comezo unha subida durante un quilómetro e medio a través do Formigueiro onde po-



deremos disfrutar da paisaxe e da natureza e atoparemos dende carballos ata pinos e eucaliptos. A cincocentos trinta metros de altitude chegaremos á Fonte da Pasqua, onde o camiño volve relaxarse e deixa atrás a subida.

Durante este novo tramo chan pasaremos por diferentes puntos como a Fonte da Cabana, a Rega do Francés e a Rega da Gadella para comezar de novo unha subida que nos levará ata a cima de Xuncás a seiscentos cincuenta metros de altitude. Este é o punto máis alto de todo o percorrido e dende onde poderemos apreciar a chaira lucense e ver as ladeiras que a rodean.

Comezamos de novo un pequeno descenso onde cruzaremos diferentes poboacións como Leiras, Val da Cal e Parede ata chegar finalmente á Pena. Este é o lugar onde o poeta pasou parte da súa infancia e xuventude e dende onde poderemos observar a vila de Meira.

O punto e final desta ruta é a praza do Convento en Meira e pode-

remos aproveitar para visitar o Mosteiro de Santa María de Meira, que serviu para a fundación da vila e que se construíu arredor do ano 1143. Na actualidade consérvase a igrexa e parte das edificacións monásticas destacando un gran rosetón na fachada principal. Ademais, dando un paseo pola vila poderemos apreciar a arquitectura civil da zona, presente en escudos e balcóns.



DATOS



3 hora



10 quilómetros



Dificultade media-baixa



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05